

## A Mariña inviste 2,2 millóns no Plan de Sustentabilidade Turística

O Plan de Sustentabilidade Turística na Mariña Lucense xa é unha realidade gracias a un impulso de 2.225.000 euros que ten como obxectivo xerar que máis visitantes e un turismo de calidade se acheguen a coñecer a comarca. O presidente da Mancomunidade, Fran Cajoto, subliñou que "este impulso vai incidir nun obxectivo moi claro, que é traballar na desestacionalización do turismo e hai que poñer en valor o noso impresionante patrimonio natural, arquitectónico gastronómico, etc". Así, preséntase unha oportunidade de establecer un marco estratéxico de traballo a longo prazo. **Pax. 7**

## Tempada de disfraces e cor

A comarca recupera, trala pandemia, unha das súas tradicionais festas, o Entroido, no que nenos e adultos disfrázanse para animar as rúas das súas vilas



O Entroido comeza a asomar nos diferentes concellos mariñaos que xa están a programar a festividade. Retoman así esta festa, limitada nas dúas últimas edicións polo contexto sanitario. Nas próximas semanas, moitos dos concellos e asociacións irán ampliando e completando as súas actividades que darán comezo o venres 25 e ata o 6 de marzo. Os concellos terán desfiles nos que repartirán premios e agasallos, e volve a Comida de Coroación de Foz, as Alpuxarradas de Viveiro, o Domingo de Piñata de Lourenzá, o Día do Neno, e por suposto o enterro da Sardiña.

**foz.** Previsto un proxecto de estabilización medioambiental en Llás. **Pax. 8**

**viveiro.** O Pastor Díaz presenta o programa para os vindeiros meses. **Pax. 13**

**alfoz.** Iniciada a redacción do plan básico municipal. **Pax. 13**

**XOVE.** Xa se pode solicitar o cobro do plan de emprego municipal. **Pax. 19**

**CERVO.** Primeros pasos para completar o saneamento na parroquia de Rúa. **Pax. 21**

**barreiros.** Melloran a ETAP da Barranca cun novo sistema. **Pax. 23**

**trabada.** Mayra García Bermúdez fala do presente e futuro do Concello de Sardiña. **Pax. 25**

### Primeira edición das carrilanas




Riotorto acollerá a proba deportiva en xullo. **Pax. 20**

### Mondoñedo acolle a Ruta N-634



A Concentración Mototurística será en marzo. **Pax. 26**

### Volven as carreiras de montaña



Abertas as inscricións do Toxiza e do Caolín. **Pax. 28**

## Os socialistas piden emprazar a fábrica téxtil Altri na Mariña

Os socialistas demandan á Xunta que a fábrica de fibras téxtiles da multinacional Altri se implante na comarca. Esta factoría, que usa celulosa para a elaboración dos seus produtos, daría emprego directo

a 2.000 persoas, e barállase a Mariña lucense pola importancia que o sector forestal ten na comarca xa que o 43% das cortas de madeira en Galicia céntranse en Ortegal, Mariñas coruñesas e nesta zona. **Pax. 2**

# REBAIXAS 12 MESES

Fibra 1.000 Mb  
Móbil 50 GB

**30€/mes**  
~~44€/mes~~

30% de desconto durante 12 meses!

Configura o teu paquete a medida en [www.adamo.es](http://www.adamo.es)

Chama xa gratis ao **900 651 679**

**eero** an amazon company

A revolución da Wi-Fi chega con Adamo! Instalámosche gratis o mellor router do mercado



# A MARIÑA

## Alcoa para as cubas pero continúa o seguimento ao proceso de reapertura



Valentín González Formoso reuníndose co comité de empresa

Alcoa apagou en xaneiro a cubas de electrolisis na fábrica de aluminio de San Cibrao, polo que o estado español deixa de producir aluminio primario nos dous próximos anos. Aínda que se mantén a produción do secundario.

Esta decisión tomouse tralo acordo cos traballadores xa que existe un compromiso se convocar as mesas de seguimento do acordo.

O comité foi con ganas de saber como se constituíu o depósito de 103 millóns de dólares para realizar as futuras inversións que permitan actualizar a fábrica de cara o reinicio da actividade en 2024, e sairon segundo o presidente do comité de empresa José Antonio Zan, "contentos de saber que o diñeiro está metido nun banco serio e poderemos ter acceso á conta para verificar o diñeiro que hai nela".

Así mesmo, "pediuse que un auditor verifique as inversións que teñen e que se comprometeron a facer", dixo Zan, por outra banda "necesitamos que sexa claro que nas contratas non se pode facer despedimentos e senón non terán os apoios económicos", e por último na parte das PPA "están traballando os Ministerios e a Xunta para estes trámites conxuntamente para

que podan funcionar canto antes". Co cesamento da actividade de electrolisis comeza unha nova etapa para os traballadores, que durante este parón continuarán co seu calendario habitual a quendas e encargaranse de distintas tarefas de limpeza e mantemento das instalacións, especialmente para a preparación do rearranque e á chegada dos investimentos comprometidos pola directiva. Os operarios destes departamentos tamén farán accións formativas.

**GONZÁLEZ FORMOSO.** O secretario xeral do PSdeG-PSOE, Valentín González Formoso, acusou ao presidente da Xunta de "vir a San Cibrao a meter medo a toda unha comarca e poñer en entredito o traballo enorme dos representantes dos traballadores" da planta de aluminio de San Cibrao. Así o dixo logo dun encontro co Comité de Empresa de Alcoa, en Foz.

Esixiulle que "veña amosar un camiño de luz e esperanza" e ás administracións que "poñan toda a carne no asador" para "acompañar no proceso e que a posta en marcha das cubas sexa unha realidade" no prazo de dous anos estipulado entre a empresa e os traballadores.

## O PSOE reclama no Parlamento que Altri se emprace na Mariña

A deputada Autonómica, Patricia Otero avanzou que rexistrou unha batería de iniciativas na Cámara Autonómica, "para demandar ao Goberno de Feijóo constituír unha mesa de traballo entre Xunta, a Mancomunidade de Municipios da Mariña e Altri de cara a traballar conxuntamente na posible implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional na Comarca da Mariña lucense".

Otero tamén reclama á Xunta "que a través da súa representación na Sociedade Impulsa propoña que se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na comarca da Mariña de Lugo".

Os socialistas lembran que a principios do mes de outubro do 2021 coñecemos que a industrial portuguesa Altri buscaba un emprazamento para unha nova planta de fibra téxtil a partir de celulosa que daría emprego directo a 2.000 persoas, e que baralla a Mariña lucense como primeira opción. A empresa non está soa na busca dese emprazamento para a súa nova planta, xa que a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia (40 %), Abanca (38 %), Reganosa (12 %) e Sogama (10 %) e no que Altri sería o socio industrial e a implantación levaríase a través dos fondos europeos Next Generation. A deputada remarca que alcaldes e alcaides da comarca reclamarán dende un primeiro momento, que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na Mariña, "non só pola grave crise industrial que está a vivir esta comarca senón pola importancia que o sector forestal ten nela, na que o 69,72 % da súa superficie é masa forestal e no que se atopa a maior zona de produción de eucalipto".

**SECTOR FORESTAL.** A Mariña lucense conta, por tanto, coa materia



Alcaldes e representantes socialistas na comarca

prima pero non ten a industria que a complementa e lle dea valor engadido. Non podemos obviar, tampouco, que o 43 % das cortas de madeira en Galicia e o 25 % de toda España céntranse no norte: Mariña lucense, Ortegal e Mariñas coruñesas.

Patricia Otero salienta ademais o traballo realizado ata agora pola Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, que preside o Alcalde de Foz, Francisco Cajoto na realización deste proxecto. "A mediados de novembro de 2021 o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña enviaba unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta, na que lle solicitaba unha reunión para poder traballar conxuntamente na posibilidade da implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na Mariña, e colaborar para superar calquera escollo administrativo que dificulte a súa implantación na Comarca. A día de hoxe esa carta non obtivo resposta", advirte.

**PROPOSTA REXEITADA POLO PP.** No Debate de política xeral de 2021 o presidente da Xunta anunciou que o Goberno galego, a través da súa representación na Sociedade Impulsa, proporá que, se é viable, a fábrica de fibras téxtiles se emprace na pro-

vincia de Lugo, pero evitando comprometer ese apoio para a comarca da Mariña. "De feito o grupo parlamentario socialista presentoulle ao PP unha proposta de transacción sobre a súa proposta de resolución nº 7 DEA, (baseada no anuncio feito polo presidente da Xunta), para que se estudiasse a posibilidade de que a planta se instalará na Mariña lucense. Pero o Grupo Parlamentario do PP non a aceptou esta proposta".

**REUNIÓN CON FEIJÓO.** O presidente da Mancomunidade da Mariña e alcalde de Foz, Fran Cajoto, dirixiu unha solicitude de reunión sobre Altri a Feijóo ante o silencio de Conde. Cajoto sinala que "o 18 de novembro do pasado ano remitimos unha carta ao vicepresidente segundo da Xunta, Francisco Conde, solicitando unha reunión cunha representación de alcaldes da Mariña para traballar conxuntamente e que a factoría de fibra téxtil de Altri se estableza na Mariña. Dous meses e medio despois seguimos sen ningún tipo de resposta. É por iso que reiteramos a solicitude, ao vicepresidente Conde e ao presidente Feijóo. A Mariña non se pode permitir perder esta oportunidade, merecemos unha explicación".



# MATRÍCULA

Revertece a tua mente

## ABERTA

**Do 3 de febreiro ao 10 de marzo de 2022**

\*proba libre: ata o 14/03/22

**GRADOS:** PSICOLOXÍA • DEREITO • CRIMINOLOXÍA • ARTE • ADE • ANTRÓPOLOXÍA • CIENCIA POLÍTICA  
**ECONOMÍA • EDUCACIÓN SOCIAL • PEDAGOXÍA • SOCIOLOXÍA • TRABALLO SOCIAL • TURISMO • FILOSOFÍA**  
**XEOGRAFÍA E HISTORIA • CIENCIAS XURÍDICAS • ENXEÑERÍAS • ELECTRÓNICA • ELÉCTRICA**  
**MECÁNICA • TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN • INFORMÁTICA • TECNOLOXÍAS INDUSTRIAIS**

**PROBA LIBRE DE ACCESO Á UNIVERSIDADE\***

• MICROGRADOS • MÁSTERES • UNED SENIOR

info@lugo.uned.es  
 982 28 02 02  
 608 577 391  
 www.lugo.uned.es



## Programadas unha trintena de actuacións teatrais ata xuño

Ata xuño, 28 actuacións teatrais chegarán a área da Mariña lucense a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios, con sete funcións en cada un dos concellos asociados: Burela, Foz, Ribadeo e Viveiro.

A programación deste circuíto cultural para o primeiro semestre de 2022, organizada en colaboración coas administracións locais, arrancou en Foz cunha proposta para público familiar.

Así, en marzo a Sala Bahía de Foz contará co teatro de Apatacón e a peza *Por unha peseta*; A Panadería, con *As que limpan*; e Caramuxo Teatro, con *Na casa*. As sesións complétanse en abril con *A parábola do angazo*, de Talía Teatro; *Lázaro*

*de Tormes*, de Pedras de Cartón; e *Libre como os paxaros* de Teatro do Atlántico.

Burela comezou a súa programación en febreiro dan man de Katarisis, e seguiranlle Isabel Risco con *Bravas* e, xa en marzo, Caramuxo Teatro con *A nena que vivía nunha caixa de mistos* e Malasombra Producións con *Sós*. En abril será a quenda de Culturactiva con *As alumnas* e de Pedras de Cartón con *Quixote*. Por último en maio chegará Fulano, Mengano e Citano con *O xardín de Vila Gris*. Todas as sesións terán lugar na Casa da Cultura.

O 6 de febreiro, arrancan as funcións no Auditorio Municipal Hernán Naval de Ribadeo, con Sarabela

Teatro, que ofrecerá a peza *A lingua das bolboretas* nesta xornada e na seguinte. En marzo representarase a coprodución do Centro Dramático Galego con *Incendiaria* e A Quinta do Cuadrante *A lúa vai encuberta*, obra gañadora do II Certame Manuel María de Proxectos Teatrais, e a proposta para público familiar de Baobab Teatro *Ás para Álex*. En abril Talía Teatro ofrecerá *Morte accidental dun anarquista* e Nelson Quinteiro Producións, *Fala Me Trad Cabaré*. En maio péchase o cartel deste concello con *Alén* de A Formiga Producións Teatrais.

O Pastor Díaz e Viveiro conta tamén cun amplo programa que se pode consultar na páxina 13.

## Prohiben criar as aves ao aire libre en Ribadeo e Trabada

A Consellería do Medio Rural prohibiu a cría ao aire libre en 34 concellos galegos trala aparición de casos de gripe aviar en Lérida e en algúns países da Unión Europea.

No estado español xa se detectou un foco en Lleida polo que o Goberno central decretou esta medida de alerta, e que afecta na Mariña lucense aos concellos de Ribadeo e Trabada ao atoparse nos ZEV, zona de especial vixilancia.

Esto obrigará aos propietarios a mantelas no interior das granxas ou explotacións aínda que naqueles casos en que non poidan encerrarse, estean protexidas con redes que impidan o seu contacto con aves salvaxes. Nesas casos haberá que darlles a comida e a bebida en



zonas de interior ou en lugares aos que as aves salvaxes non poidan ter acceso.

Así mesmo, queda prohibida a cría de parrulos, ocas e gansos xunto con outras especies de aves de curral, e lembrese que é obrigatoria a inscrición dos currais familiares no Rexistro Galego de Explotacións Avícolas.

## O proxecto de obra do treito Burela-Foz da A-74 atópase en información pública

O Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (Mitma) somete a información pública o proxecto de trazado das obras do tramo Burela-Foz da autovía A-74, na provincia de Lugo. O orzamento ascende a 126,1 millóns de euros.

A autovía A-74, que se concibiu como a continuidade do eixo Cantábrico no Norte de Galicia, a través da Mariña Lucense, enlazará coa Vía de Alta Capacidade da Costa Norte.

Esta autovía supoñerá un itinerario alternativo á actual N-642, que serve de conexión aos concellos de arreiros, Foz, Burela e Cervo, ademais do porto de interese xeral de San Cibrao. A N-642 presenta unhas marxes consolidadas en moitos tramos. A A-74 captará tráfico de curto, medio e



longo percorrido, liberando travesías densamente poboadas de importantes tráfico. Así, mellorarase a seguridade viaria, a mobilidade, a accesibilidade e a vertebración territorial. A lonxitude do tramo obxecto do Proxecto de Trazado é de 9,2 km, ao que hai que engadir a conexión provisional na ligazón de Foz que ten

unha lonxitude de 1,6 km. Terá tres enlaces: Burela, Cangas e Foz; e dispoñerá de 18 estruturas: 6 viadutos, 5 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 4 muros, destacando o viaduto sobre o río Ouro de 660 m.

O alcalde de Burela xa falou con Fomento para que esta vía conte cun enlace co Hospital da Mariña.

## O SLG pide apoio aos concellos na moratoria aos eólicos

A raíz das incidencias rexistradas polo Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL), persoas a título individual e outros colectivos galegos alertando dos potenciais impactos provocados por proxectos de instalacións de enerxías renovables nas Reservas da Biosfera, o Comité Español do Programa MaB da Unesco, vinculado ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, aprobou o pasado mes de setembro realizar a nivel de todo o Estado español un informe sobre as incidencias dos parques eólicos nas Reservas de Biosfera, así como un estudo de viabilidade das instalacións eólicas, fotovoltaicas e termo solares -incluído o seu repotenciamento-, e infraestruturas asociadas que as grandes empresas

enerxéticas pretenden instalar nestes espazos protexidos.

“Procurando acadar o compromiso das administracións públicas de non aceptar máis parques eólicos até que sexa realizado o informe do Comité Científico, actuamos agora a través da campaña lanzada dende Aliente rexistrando 82 solicitudes de adhesión dirixidas aos concellos galegos ubicados en territorios Reserva da Biosfera”, indican.

Para a Reserva da Biosfera Terras do Miño, a solicitude de moratoria foi dirixida aos concellos mariñoas de Alfoz, Mondoñedo, Ourense, O Valadouro e Riotorto.

Na Reserva da Biosfera Río Eo, Ocosos e Terras de Burón fixeron chegar a solicitude de moratoria á Pontenova, Ribadeo e Trabada.

**Dende o 1946 comprometidos coa educación na Mariña** NIVEIS EDUCATIVOS  
Infantil / Primaria / Secundaria



**Colexio PLURILINGÜE** con auxiliar de conversa.  
**Único centro BEDA** da Mariña (Bilingual Excellence Model).  
Centro de referencia da **MARIÑA** para realización dos exames oficiais de **CAMBRIDGE**, preparación no centro para o noso alumnado.  
**Viaxe de inmersión lingüística a LONDRES** e Intercambios ERASMUS +.

**Servizos Complementarios:**  
**Programa Madrugadores** a partir das 8:00 h. (Servizo gratuito).  
**Servizos de comedor e transporte.**  
**Horario favorable** á conciliación familiar e escolar  
**Infraestrutura telemática** para o ensino non presencial (Licenza oficial Google Suite Education)

**Colexio Digicraft** no marco do Plan Digitalent.  
**Ampla oferta de actividades extraescolares.**

**O valor da experiencia**  
**VEN A COÑECERNOS!**



[www.colexiodopilarfoz.es](http://www.colexiodopilarfoz.es)  
[info@colexiodopilarfoz.es](mailto:info@colexiodopilarfoz.es)  
Telf: 982 140 196



# A fibra óptica de Adamo chegou a 65.000 vivendas da provincia de Lugo entre 2018 e 2021

A empresa levará Internet ultrarrápido a outros 14.000 fogares lucenses -con cuantiosos investimentos propios- para sumar preto de 80.000 domicilios conectados a finais de 2022



Adamo instalou a súa rede de fibra óptica en 65.000 domicilios da provincia de Lugo ao longo dos últimos catro anos, entre 2018 e 2021. En concreto, por citar algúns exemplos, o operador de telecomunicacións ten a súa **infraestrutura despregada na Fonsagrada, Alfoz, Begonte, Cervo, Xove, Barreiros, Lourenzá, O Valadouro ou Foz**, entre outros concellos.

## DESPREGAMENTO EN 856 LOCALIDADES DE 24 CONCELLOS

En total, a compañía levou Internet de alta velocidade a 856 localidades de 24 concellos lucenses no citado período. Para sufragar tan enormes traballos, Adamo investiu 20 millóns de euros na provincia de Lugo, así como fixo posible a contratación de 300 traballadores locais nos seguintes ámbitos: enxeñería, despregamento, mantemento e comercialización.

## INVESTIMENTOS PROPIOS DE ADAMO EN LUGO

Nese sentido, cabe destacar que, aínda que a empresa recibiu subvencións para a expansión da fibra óptica, os investimentos propios de Adamo na rexión superan os importes desas axudas públicas. *“Cableamos concellos enteiros para instalar fibra óptica en toda a zona, non considerando unicamente entidades singulares subvencionadas. Como é lóxico, seguimos as directrices marcadas nas resolucións administrativas, pero non quedamos neses límites: despregamos alí onde haxa demanda e sexa tecnicamente viable facelo. Lugo figura como unha prioridade no noso plan de expansión, seguiremos apostando forte pola provincia”,* resume Martin Czermin, CEO de Adamo.

## A FINAIS DESTE ANO, 80.000 VIVENDAS CONECTADAS

Aínda que o desenvolvemento logrado ata o momento é dunha magnitude considerable, aínda hai máis, xa que **Adamo proporcionará Internet de alta velocidade a outros 14.000 fogares da provincia ao longo deste ano para sumar un total próximo aos 80.000 domicilios conectados antes de que conclúa 2022.**

## A REDE MÁIS RÁPIDA DO MERCADO

É preciso subliñar que non se trata de calquera conexión, senón que Adamo fornece a fibra óptica máis rápida que se atopa hoxe dispoñible. *“Estamos particularmente orgullosos dos nosos 1.000 Mb, fomos os primeiros en poñer esta velocidade no mercado. Na actualidade, permite satisfacer a brutal demanda que existe de contar cunha conexión a Internet de calidade nuns tempos marcados polo coronavirus”,* explica Martin Czermin.

## “OS NOSOS 1.000 MB FACILITAN A VIDA DAS PERSOAS”

*“Nesta conxuntura resulta imprescindible non deixar a ninguén atrás. Tanto aos que xa residen en aldeas, pobos e cidades pequenas como aos que optan por mudarse a un municipio de menor tamaño. A fibra óptica é fundamental para realizar actividades hoxe moi comúns: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras accións. En definitiva, proporcionar esa potencia máxima de sinal facilita a vida das persoas”,* lembra o primeiro directivo da compañía.

“ A fibra óptica é fundamental para realizar actividades hoxe moi comúns: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas, estar máis preto dos familiares e amigos que viven lonxe ou gozar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras accións. En definitiva, proporcionar esa potencia máxima de sinal facilita a vida das persoas”

Ademais, Adamo é o único operador que ofrece un router wifi 6, que está valorado en 140 euros, ao darse de alta sen custo adicional. *“O eero 6 de Amazon -desenvolve Czermin- cobre ata 140 m2 e aumenta a capacidade e eficiencia da rede dos clientes. Grazas a esas capacidades, así como á velocidade de sinal que fornecemos, proporcionamos ao usuario a mellor experiencia da internet”,* apostila.

## AS MESMAS OPORTUNIDADES PARA O ÁMBITO RURAL

Desta maneira, a empresa continúa co seu apoio á conectividade nas zonas rurais. O compromiso de Adamo é claro: levar a fibra óptica a todos os recunchos, tamén a contornas historicamente esquecidas. Por iso é polo que a compañía converteuse no operador de referencia no rural lucense, ofrecendo servizo en zonas e pobos aos que outros non chegan.

## SOBRE ADAMO:

Adamo, con sede en Barcelona, é un operador de vocación nacional cun enfoque de negocio rexional e local. Presente no mercado español desde 2007, a compañía dá prioridade ás áreas rurais e ás novas zonas urbanas cunha alta densidade de poboación, proporcionando a fibra óptica máis rápida dispoñible hoxe no mercado (1.000 Mb). O seu actual plan de expansión foi potenciado o pasado mes de xullo con 600 millóns de euros. Así mesmo, Adamo é un dos principais adxudicatarios do Programa de Banda Ancha a Nova Xeración (PEBA- NGA 2020-2022), financiado polo Estado e a UE, tanto na convocatoria de 2020 como na de 2021, así como no Programa ÚNICO-Banda Ancha, recibindo en total 107 millóns en subvencións para levar Internet de alta velocidade a máis de 630.000 fogares situados en zonas rurais de 20 provincias. Grazas a contar con infraestrutura propia, ademais da internet, Adamo proporciona aos clientes telefonía fixa e móbil, así como servizos para o mercado empresarial e almacenista.

Máis información en [www.adamo.es](http://www.adamo.es) e en Twitter @adamo\_es



# “Teño aceite de Argán caseiro para conseguir un pelo moi hidratado”

O veciño focego Nabil Atef procede dunha longa saga de barbeiros

## Como comezou no negocio do peiteado?

Pois comecei no meu pobo natal, Oulad Massoud, que está situado na cordilleira do Atlas en Marrocos, traballando na barbería da miña familia. Meu pai, avó e tíos son todos barbeiros e dentistas, veño dunha longa saga de barbeiros.

## Entón formouse alí?

Si, é unha barbería moi tradicional que leva ás súas costas 140 anos de historia. Eles son os meus referentes á hora de traballar.

## Por iso decidiuse a abrir a súa propia?

Si claro, aínda que coa miña chegada a España tiven que traballar noutros sectores diferentes, o que me apetecía realmente era o negocio dos peiteados e barbería. E por iso, fai tres meses decidínme a dar o paso e abrir o meu propio negocio.

## Que tratamentos ou servizos ofrece?

Ofrecemos cortes de pelo de todo tipo así como os cortes de barba que cada cliente desexe. Tamén

facemos tinguidos, que agora están moi de moda os rubios e os platinos.

## Que horario ten?

Pois abrimos diariamente de 9.30 a 13.30 e de 16.00 a 20.00 horas, e o martes descanso, e para acudir non é necesario pedir cita.

## Cal é o utensilio que non pode faltar na súa barbería?

Pois conto con aceite de Argán caseiro que trouxen de Marrocos e serve para darlle ao pelo un brillo e un tacto especial, e tamén serve para a pel. Con el conséguese un cabelo moi hidratado porque reduce a sequeidade.

## Conta con algún agasallo ou talismán?

Teño a navalla que usaban os meus avós para cortar o pelo, agora non se pode usar porque está moi desgastada xa, pero é un recordo moi importante da miña infancia.

## Qué fai cando un cliente lle di, por exemplo, fai o que ti queiras?

Pois o que intento é sempre indagar e preguntarlle cousas ao cliente pois falando con el podes

adiviñar os seus gustos e así facerlle un peiteado que lle guste, ademais miro moito como é a forma da cabeza e despois aconséllolle segundo o meu criterio.

## Pero hoxe en día non se dá moito esa situación de facer o que queira, non?

A verdade é que non. Os clientes adoitan traer unha fotografía de alguén coñecido como un famoso ou un futbolista e piden facerlle o seu corte ou o seu corte de barba. Perdeuse un pouco o de vir e deixarse asesorar.

## Que é o que máis demandan os clientes?

Hoxe en día os rapaces piden moito as raias nos lados da cabeza, está moi de moda. Pero á xente o que lle gusta é saír cun corte ben feito e que todo estea perfectamente rematado.

## De onde son os seus clientes?

Maiormente son de Foz, obviamente, pero ven moita xente de toda a Mariña, de Burela, Mondoñedo, Lourenzán, etc, de feito teño un cliente de Mieres que vén cada mes.



Nabil Atef, na súa barbería onde conta cun mural do seu pobo

## Que tipo de corte lle gusta máis facer?

A min persoalmente gústame facer degradados, é dicir, corta o pelo ou a barba por zonas con diferente lonxitude para causar un efecto de difuminado, cunha gradación moi suave para que non se noten os

chanzas dunha lonxitude a outra. **Se tivera a oportunidade, hai alguén en especial a quen lle gustaría cortarlle o cabelo?**

Pois a verdade é que non, é dicir, todos os meus clientes son especiais. Eu prefiro cortarlle o pelo á veciñanza, á xente normal.

Hijos de  
Ramón Rubal

COMPRAMOS  
MADERA  
PINO Y EUCALIPTO

982 55 86 00

ASERRADERO Y APROVECHAMIENTO FORESTAL

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

www.hijosderamonrubalsl.es  
alfoz@hijosderamonrubalsl.es



# Presentado o novo sistema de balizas antinéboa no Fiouco

O delegado do Goberno, José Miñones, presentou as novas balizas intelixentes que instalou a Dirección Xeral de Tráfico no tramo Mondoñedo-Abadín da Autovía do Cantábrico. O novo sistema, no que a DXT-Ministerio do Interior investiu 873.127,15 euros, executouse nestes últimos meses e permite reducir nun 78% o peche ao tráfico de O Fiouco por impacto da néboa. “Con estas novas balizas de cada catro veces que a autovía estivo pechada nestes anos por néboa pasaremos a só unha”, explicou, ao que engadiu que se trata dun sistema pioneiro nas vías de toda Europa e que poderá ser extrapolable a outras situacións análogas.

O delegado lembrou que, agora, cando se alcanzan os 40 metros de limiar mínimo de visibilidade, o Centro de Xestión de Tráfico desvía automaticamente a circulación cara á N-634 desde a saída da Xesta ata Mondoñedo. “Coas balizas novas operativas, este limiar mínimo de visibilidade pasa a 30 metros, o que incrementa significativamente o tempo operativo da vía”.

Segundo os datos da Dirección Xeral de Tráfico, desde setembro de 2014, a autovía permaneceu pechada neste tramo durante 3.281 horas. Coas novas bali-



zas operativas, a afección reduciríase a 722 horas.

O sistema consta de 372 balizas nas marxes externas en sentido ascendente e descendente e separadas 50 metros entre si. As balizas detectoras consisten nun corpo físico con dúas xanelas, a da parte inferior con leds ámbar e a superior con leds vermello, sobre un poste de 1,50 metros sobre a calzada.

Os bloques de luces leds ámbar e vermello que se van acendendo conforme pasan os coches, para advertir aos que veñen detrás á vez que sinalizan as marxes da vía. Así se sinaliza non só a vía senón tamén a presenza doutros vehículos na mesma.

SEGURIDADE. O delegado do Goberno insistiu na aposta do Goberno de

España por facer da autovía do Cantábrico unha vía segura e aberta totalmente ao tráfico combinando as innovacións en seguridade viaria coa implementación das solucións experimentais de apoio á condución e de minimización das néboas: “unhas solucións marcadas por un denominador común: a innovación”, insistiu. Así, lembrou que desde o ano 2015 o Goberno investiu 10 millóns de euros en diferentes melloras da seguridade viaria neste tramo. O Ministerio do Interior, a través da DXT, investiu 4,4 millóns de euros en diferentes sistemas de axuda á condución e seguridade viaria, como o sistema automático de desvío, sensores meteorolóxicos, balizas led, pantallas de visualización, etc.

## O PP urxe o arranxo da vía de Mondoñedo á Cruz da Cancela

O PP asegura que unha das estradas en mal estado da provincia é a LU-P 3103, en Mondoñedo. O portavoz popular na Deputación, Javier Castiñeira, insta ao goberno provincial a desenvolver canto antes as xestións necesarias para amañar o firme desta vía.

Os populares destacan que debido ao mal estado desta vía hai moitas queixas dos veciños e tamén dende o transporte escolar. Castiñeira di: “Esta vía, especialmente en dous puntos, está moi perigosa. De feito, xa a levamos un rogo ao pleno de novembro para que se executase a súa reparación, e vemos como o señor Tomé, como delegado de Vías e Obras, aínda non fixo absolutamente nada para solucionar o problema”.

## CCOO e Mancomunidade trataron a situación do tren

Varios representantes de CCOO mantiveron unha xuntanza con Francisco Cajoto, presidente da Mancomunidade e alcalde do Concello de Foz para tratar a situación do estado da liña e servizos ferroviarios da rede de ancho métrico que discorre pola comarca.

CCOO indicoulle que desde hai moitos anos e sobre todo desde que se produciu a integración de FEVE en ADIF e Renfe, “os investimentos limitáronse a actuacións puntuais de mantemento, proba diso é que existen limitacións temporais de velocidade desde fai máis de vinte anos e cando hai temporais prodúcense numerosos incidentes en trincheiras e zonas de árbores”. Tamén informaron que as nume-

rosas incidencias que se producen nos servizos de viaxeiros, con supresións e transbordos “é debido a que unha parte da frota que se usa ten moita antigüidade e os trens menos antigos sempre deron moitos problemas por deseño de fabricación, ao que hai que sumar o deficiente mantemento pola falta de repostos debido aos escasos orzamentos para esta zona”.

**PERSOAL.** Outro dos asuntos tratados é “a non presenza de persoal ferroviario nas estacións de Viveiro, Xove e Burela e obrigar aos viaxeiros para comprar os billetes nas máquinas autoventa instaladas nas estacións, cuestión que prexudica aos usuarios de idade avanzada”.

## PSOE e BNG demandan melloras na Sanidade

A deputada socialista Patricia Otero reclamoulle á Xunta de Galicia que cubra de xeito urxente as prazas tanto de persoal médico como de enfermería no servizo de Paliativos e HADO do Hospital da Mariña. Fíxoo a través dunha proposición non de lei defendida hoxe na Comisión de Sanidade do Parlamento, na que solicitaba chegar á dotación inicial todos os días da semana co obxectivo de poder retomar a atención presencial na totalidade dos concellos neste distrito sanitario.

A proposta foi aprobada, incluso cos votos a favor en do PP, o que supón “un recoñecemento explícito de que non se está a prestar un servizo esencial”. Nesta liña, Patricia Otero evidenciou a delicada situación que están a padecer moitos doentes, algúns deles con patoloxías crónicas ou terminais, e que “só están a recibir atención telefónica”. A maiores, moitas veces son derivados á atención primaria, onde se vive unha “situación caótica, como no caso do centro de saúde de Viveiro, no que “a veces se rexistra unha ratio de 1 médico por cada 5.000 habitantes”. Neste contexto, a deputada mariñá reclamoulle ao PP e á Xunta “un pouco de humanidade” e que “traballen para buscar unha solución”.

**BNG.** Despois de reunirse con traballadores dos centros de saúde e coa Plataforma Sanitaria en Defensa da Sanidade Pública, os deputados nacionalistas Daniel Castro e Montse Prado constataron o “paulatino e continuado desmantelamento ao que as políticas sanitarias do PP están sometendo á sanidade pública”, coa supresión da Área Sanitaria da Mariña por medio, “véndose agravado agora este desmantelamento coas sucesivas ondas da pandemia sen que desde o Sergas nin desde a Xunta se poña remedio á actual caótica situación, que xa sobrepasa todos os límites en concellos como Viveiro, o de mais poboación”.

“A falta de profesionais repítese tamén noutros concellos e centros de saúde da comarca como San Cibrao, Foz, Burela (onde se suprimiu a quenda de tarde) Ribadeo... O servizo de HADO e paliativos presencial está baixo mínimos, tendo que asumir eses servizos a atención primaria ao eliminárenos en dez dos catorce concellos nos que se prestaba. Outro dos problemas é a atención telefónica que se encontra sobrecargada, e que en concellos pequenos e con poboación avellentada fan moi difícil concertar unha cita para consulta”, din.

ELISARDO BARCALA



<b>CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR</b> . ADMINISTRACIÓN E FINANZAS	<b>FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA</b> . ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS . FABRICACIÓN E MONTAXE	<b>IES PERDOURO</b> Rúa do Instituto s/n 27 880 Burela Telf.: 982 87 01 02 ies.perdouro@edu.xunta.gal www.iesperdouro.gal
<b>CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO</b> . INSTALACIÓNS DE TELECOMUNICACIÓNS . MECANIZADO . PEITEADO E COSMÉTICA CAPILAR . XESTIÓN ADMINISTRATIVA	<b>BACHARELATO</b> ESO EDIXGAL CARCO	
FP dual	Erasmus+	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE





Presentación oficial do Plan de Sustentabilidade da Mariña

## Destinan 2,2 millóns ao Plan de Sustentabilidade Turística

O Cenima, en Foz, acolleu a presentación do Plan de Sustentabilidade Turística na Mariña Lucense 2022-2024.

O presidente da Mancomunidade, Fran Cajoto, subliñou “o que supón para unha comarca como a nosa un impulso de 2.225.000 euros, que van incidir nun obxectivo moi claro, que é traballar na desestacionalización do turismo, conseguir xerar produto e que máis visitantes e un turismo de calidade se achegue a coñecernos, sobre todo apoiándonos no que temos e que hai que poñer en valor: o noso impresionante patrimonio natural, pois temos 9 cascadas, moi pretiño unhas das outras; lugares como a ría de Ribadeo, que é zona ZEPA, a propia ría de Foz,...; todo o interior, a serra do Xistral; temos un patrimonio arquitectónico que é enxeable, como o Ribadeo indiano, a catedral de Mondoñedo, a basílica de San Martiño, o mosteiro de San Salvador, de Lourenzá, todo o casco histórico de Viveiro coas súas igrexas, Sargadelos, en Cerro, ... E poderíamos estar citando máis e mellor opcións para ver e visitarnos. Apoiados tamén nunha gastronomía e nun clima que é o mellor que temos en España porque cando temos un cambio climático co que nos abafan as temperaturas a Costa Norte, cunhas temperaturas estables e suaves durante todo o ano”.

E engadiu: “teño que agradecerlle tanto á Secretaría de Estado de Turismo como á Xunta de Galicia e tamén á Deputación de Lugo a aposta que fixeron por esta comarca porque souberon ver o potencial que nós somos conscientes que temos e que agora esperamos desenvolver”.

Tania Hermida, técnica de Turismo da Mancomunidade, na súa intervención dixo que “a xustificación do Plan de Sustentabilidade Turística na Mariña Lucense 2022-2024, que se presentou, ven dado pola presenza no territorio de moitas áreas rurais que están en proceso de despoboamento e que contan con recursos ata o de agora escasamente postos en valor, cun potencial turístico susceptible de aproveitamento, pero con déficit na xestión turística pola carencia de recursos humanos e económicos do ente xestor coma dos concellos, ademais da perda continua de poboación (o 6,9 % nos últimos 10 anos), dándose o descenso máis forte nas zonas de interior. Aínda que o total dos municipios que conforman o destino turístico superan os 70.000 habitantes (en concreto ten 71.804), o certo é que este territorio presenta unha dicotomía entre a costa e o interior, posto que a maior parte da poboación concéntrase no litoral costeiro (79%) e os municipios ou zonas de interior presentan unha menor dinámica

económica e, por tanto, un menor peso poboacional”.

Para Hermida “o obxectivo para por trazar un plan para impulsar o crecemento e a transformación do sector turístico na busca dun modelo máis competitivo, innovador e participativo e á vez recuperar a confianza na seguridade do destino”.

Para Fran Cajoto e Tania Hermida este plan “preséntase como unha oportunidade de establecer un marco estratéxico de traballo a longo prazo para afrontar con éxito un desenvolvemento turístico sostible”.

**MIÑOÑES.** O delegado del Goberno en Galicia, José Miñoñes, reaffirmou o compromiso do Goberno coa comarca da Mariña. Asegurou que o Plan de Sostibilidade Turística “está chamado a situar a comarca da Mariña nas mellores guías do turismo de calidade” e destacou que o proxecto “é un exemplo da aposta do Goberno por Galicia, que se traduce en investimentos como os 80 millóns de euros para a modernización turística da Comunidade mobilizados só no mes de decembro”.

Miñoñes subliñou que o Plan de Sostibilidade Turística da Mariña “é un proxecto que conta con todo o respaldo do Goberno e, concretamente, da Ministra de Industria, Comercio e Turismo, Reyes Maroto.

## O Goberno anuncia a retirada da máscara obrigatoria en exteriores

A sexta vaga da covid resiste a baixar a súa incidencia na provincia de Lugo con datos aínda preocupantes. Os contaxios diarios seguen sendo altos, arredor do medio milleiro, mentres os casos activos rozan os 6.000.

A redución do tempo de coarentena, así como o cambio do Sergas no reconto do sistema de altas e baixas trouxo unha modificación das cifras de infección que ofrecen diferencias coas anteriores.

Malia que a covid resiste, o Goberno decidiu seguir avanzando na eliminación de restricións. De feito, durante toda esta vaga as limitacións foron moitas menos que nas anteriores xa que o elevado índice de vacinación alixeira

as cargas hospitalarias.

Nestes centros os ingresados en planta son moitos, malia que a maior parte o motivo do ingreso é outra enfermidade ou problema. Mentres, as UCI contan cun número que oscila entre os 5 e os 8 pacientes.

A hostalaría recuperou en toda Galicia o horario de peche normal, sen restricións e os grupos poden chegar en exterior ata as 15 persoas. Ademais, tamén os aforos volven ser na maior parte dos casos do 100%.

O que si se manterá sen opcións é o uso de máscara en interiores. Tamén se mantén o obrigatoriedade de presentar o certificado de vacinación covid na hostalaría.

## A Mariña levouse todos os premios do certame de debuxo infantil do Belén de Begonte

O xurado da XLVI edición do Certame de debuxo infantil sobre o Nadal convocado polo centro cultural José Domínguez Guizán de Begonte, presentou os debuxos gañadores do certame.

Dividido en dúas categorías, estableceronse varios primeiros e segundos premios. No grupo dos máis pequenos, ata dez anos, os primeiros premios foron para Lía Longarela Arias, de 9 anos e do CEIP O Cantel de Foz; Gael Santos Currás, de 6 anos e do CEIP n.º 1 Foz, e Isabela Rouco Otero (6 anos e do CEIP n.º 1 Foz).

Os segundos premios foron para Amine El Akraoui, de 9 anos e do CEIP O Cantel (Foz); Kenia Lousas da Costa, de 6 anos e do CEIP n.º 1 Foz; Marco Doce Moirón, con 7 anos (CEIP n.º 1 Foz); Lucía Río Díaz, de 9

anos (CEIP O Cantel), e Manuel Marqués Fernández, con 7 anos. (CEIP n.º 1 Foz).

Na categoría de rapaces entre 11 e 15 anos, os primeiros premios recaeron en Miguel Fra Baltar (14 anos. IES Illa de Sarón, Xove); Daniel Ramos González (15 anos. IES Vilar Ponte, Viveiro) e Alba Torres López (13 anos. IES Vilar Ponte, Viveiro).

Nesta categorías os segundos premios foron para Jimena Fernández-Reinante Pérez (13 anos. IES Dionisio Gamallo Fierros de Ribadeo); Emily Sofía Arenas Castañeda (13 anos. IES Vilar Ponte de Viveiro); Eva Deán Durán (12 anos. IES Illa de Sarón, Xove); David Salgueiro Varela (13 anos. IES Vilar Ponte) e Alba Rodríguez Bermejo (13 anos. IES Illa de Sarón, Xove).

CENTRO CONCERTADO  
ENSINO GRATUITO

# COLEXIO MARTÍNEZ OTERO

Distinción ao mérito deportivo de Galicia 2015

Excelente Formación humana,  
académica e deportiva desde 1939

INFANTIL  
PRIMARIA  
ESO

ABERTO PRAZO DE MATRÍCULA  
DO 1 AO 20 DE MARZO

ACTIVIDADES  
COMPLEMENTARIAS

- Escola de Idiomas co Plan PIPE: INGLÉS, alemán e francés
- Viaxe de Inmersión Lingüística no Reino Unido
- Deportes para todas as idades

SERVIZOS

- Servizo de transporte
- Servizo de comedor
- Servizo de 'madrugadores'
- Servizo de piscina
- Centro Xuvenil para actividades lúdico-festivas

R/Pazo Masión, 12 (FOZ)  
www.martinezotero.es  
982140028

@colexiomartinezotero



## NOVAS

foz

## Cortada ata o 16, a estrada que une Foz e Alfoz por San Acisclo

A estrada provincial que une Foz e Alfoz por San Acisclo, a LU-P-0210, quedará cortada ao tráfico pesado ata o 16 de febreiro debido ás obras de ampliación e acondicionamento que está executando a Deputación cun investimento de 110.500 euros. Durante este tempo, haberá sinalización informativa e habilitaranse desvíos para ocasionar o mínimo trastorno para este tipo de vehículos. Os traballos, que se están desenvolvendo entre os puntos quilométricos 5,1 e 5,3, consisten na ampliación e

acondicionamento da vía con aglomerado en quente, así como na dotación de iluminación e beirarrúas. Estas actuacións resolven un problema de seguridade e beneficiarán a numerosos veciños e veciñas ao tratarse dunha estrada que soporta moito tráfico ao ser unha das principais vías que une Foz con Alfoz, sendo o camiño máis curto para chegar á costa. Ademais, dá servizo aos serradoiros de madeira da zona, que reciben un elevado número de vehículos cada día.

## Electricidad Núñez gañou o concurso de escaparates Nadal

Electricidad Núñez gañou o concurso de escaparates Nadal 2021, convocado por AciaFozCCA no mes de decembro.

O segundo posto foi para Antigüidades Álvarez e o terceiro premio compárteno dous negocios: Viajes Rodríguez e Amarena.

O xurado decidiu outorgarlle un premio especial a Pastelería Anduriña "pola súa decoración inte-

rior" e tamén a Fauna "pola súa orixinalidade".

Desde AciaFozCCA agradecen a participación e o esforzo realizado polos locais para encher de luz e de maxia os seus escaparates e pola súa contribución a crear un agradable ambiente de Nadal.

Este Nadal AciaFozCCA repartiu 6.000 euros en vales de compra superando os 70 premiados.



**VISITA DO BISPO.** O bispo da diocese Mondoñedo-Ferrol, Monseñor Fernando García Cadiñanos, visitou o colexio Martínez Otero de Foz. Na súa visita percorreu todas as instalacións deténdose a falar co profesorado, persoal de administración e servizos e alumnado.

## Adxudicada a urbanización da rúa da Costa do Castro

O Concello de Foz celebrou a mesa de contratación da obra de urbanización da rúa Costa do Castro. Cunha oferta de 500.721,82 euros a empresa adxudicataria proposta resultou Construcciones Isidro Otero SL.

O rexedor municipal focense, Fran Cajoto, agradece de novo á Deputación de Lugo e ao seu presidente o compromiso co Concello de Foz: "esta obra é posible grazas a que o 80 por cento do custo é financiado pola Deputación de Lugo, o 20% restante son fondos propios do Concello de Foz".

As obras consisten na urbanización completa da rúa Costa do Castro entre Álvaro Cunqueiro e o cemiterio, con beirarrúas de máis de 2 metros de anchura, novo alumeadado público e a mellora de servizos, como a substitución da rede de abastecemento e a disposición dunha rede separativa cun novo colector de pluviais.

O alcalde indicou que se levarán a cabo todas as melloras incluídas nos pregos de licitación. "O primeiro lote de melloras que se executarán inclúe a pavimentación con aglomerado en



Cajoto e Tomé, visitando a rúa da Costa do Castro

quente das rúas Fiallega e do Cemiterio, co cal quedará renovado no seu conxunto o viario entre o centro da vila e a estrada ao Bispo Santo, titularidade da Deputación de Lugo. Ademais, está previsto realizar unha reorganización de tráfico nestas dúas rúas e delimitar unha senda peonil específica na rúa do Cemiterio, de xeito que unha persoa poda camiñar sen dificultades e con seguridade entre a Residencia e Centro de Día de Foz e a rúa Álvaro Cunqueiro. Esta

senda levará separadores de carril tipo gota para delimitar o paso peonil do tráfico rodado e, xunto a unha mellora da iluminación do vial, permitirá un acceso peonil seguro entre o barrio de Marzán e o centro de Foz, cun recorrido moito máis curto que pola Avenida de Viveiro".

Tamén será executado un miradoiro a carón das letras de Foz. Cunhas dimensións de 7 por 4 metros permitirá poñer en valor unhas vistas sobre a rúa de Foz.

## Costas ten previsto un proxecto de estabilización medioambiental en Llás

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez avanzou unha nova actuación para poñer en valor os recursos naturais da Mariña, explicando que o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico ten previsto investir 400.000 euros para a realización de diversas melloras na praia de Llás.

A subdelegada informou de que a actuación que ten proxectada o Servizo Provincial de Costas para a praia de Llás consiste na estabilización

medioambiental, inclúe a eliminación de especies exóticas e restauración con autóctonas e forma parte dunha nova mostra do compromiso do Goberno coa Mariña.

No proxecto contéplase tamén a posta en valor do sistema dunar desta praia coa colocación de paneis divulgativos. Tamén se prevé o encauzamento do afluente central da praia mediante pilotes de madeira, evitando así a erosión e deterioro desta zona ocasionado polas aveni-

das periódicas producidas no devandito contorno.

Igualmente o proxecto contempla a execución dunha nova pasarela de madeira na zona central da praia e un aparcamento co fin de mellorar o estacionamento e accesibilidade da mesma.

O proxecto de melloras na praia de Llás sométese a información pública, desde hoxe e por un prazo de 20 días hábiles, unha vez publicado no Boletín Oficial do Estado.

**XORNADAS DO COCÍO**  
desde o 1 ao 28 de Febreiro

Previa reserva: 982 140 433

Restaurante  
Foz





A raíña das festas de 1990 na gravación do documental e o cartel da comida de coroación deste ano

## A Comida de Coroación do Rei do Entroido será o 19 de febreiro

O Entroido asoma xa e por iso dende o Concello de Foz informaron que o vindeiro 19 de febreiro celebrarán a Comida de Coroación do Rei do Entroido.

O menú do xantar, que ten un prezo de 25 euros, consta de pastelón de bonito, sopa de cocido, codillo de porco ao forno, viños, sobremesa, café e chupito.

Para acceder ao xantar será obrigatorio o certificado covid e un test de antíxenos que realizará a organización a mesma mañá do evento.

Cada grupo deberá enviar un email cos datos e en caso de querer asistir de forma individual procederase do mesmo xeito. Así mesmo, no caso de que queden asentos libres nunha mesa, a organización completará con outro grupo ata cubrir os comensais.

**DOCUMENTAL.** Este documental, que se estreará o vindeiro 20 de febreiro, una semana antes do desfile do Entroido 2022, é unha das actividades programadas para a edición especial deste ano, que conta con outras novidades que o concello está a perfilar con detalle.

Este vídeo documental significa unha viaxe polo tempo desde o

século XIX ata a actualidade, contemplando as distintas celebracións do entroido na localidade, pasando pola postguerra, ditadura, chegada da democracia e sobre todo a celebración do ano 1982, data na que tivo lugar o primeiro desfile polas rúas da vila. Mais de 30 persoas de tódalas idades participan nas entrevistas que se están gravando nas ins-

talacións do Cinema, nun plató deseñado pola empresa Arracada Producións, que se encarga da realización do audiovisual.

O documental contará tamén con imaxes históricas e testemuñas dos primeiros participantes, así como unha representación de tódolos grupos, peñas e comparsas que participan no Entroido focense na actualidade.

## Festa de Interese Turístico

O Pleno de Foz aprobou o expediente para a declaración do Entroido focense como Festa de Interese Turístico Galego.

O alcalde, Fran Cajoto, explica que "o Entroido da Mariña por antonomasia é o de Foz. Este ano cumprirá a 40 edición do seu desfile (despois do obrigado confinamento e aposta polos medios electrónicos na anterior edición), mais o arraigamento e a existencia da vea carnavalesca en Foz é moito anterior".

Dende a asociación O Noso Foz, que organiza tamén o Entroido, o

seu presidente, Ángel Fernández Neira, quere recordar que "isto sería un recoñecemento a todos aqueles que ao comezo saíron á rúa con medo, debido á ditadura e ás posibles represalias, e tamén para todos aqueles que colleron o guante e continuaron traballando para que o Entroido medrara e chegara a ser o que é hoxe en día".

O rexedor destaca que "todo isto non sería posible sen o traballo dos técnicos municipais que levan moito tempo buscando documentación".

## Acia Foz e a Uned organizan un curso aplicado ao comercio

AciaFozCCA e a Aula da Uned de Foz ofertan un curso de iniciación a Microsoft Excel aplicado ao comercio, que será gratuíto para todos os asociados e asociados que elixan a modalidade presencial.

Serán 10 horas lectivas de formación, que se impartirán na Aula da Uned, de 20.30 a 22.00 horas os días 14, 17, 21 e 24 de febreiro.

Desde a Aula da Uned sinalan que "o uso de follas de cálculo é unha habilidade imprescindible na maioría das actividades laborais. O manexo básico deste tipo de ferramentas é practicamente unha esixencia no proceso de alfabetización dixital".

Este curso pretende ensinar habilidades básicas, profundando nas

funcionalidades das follas de cálculo, facendo fincapé en aspectos profesionais e complexos que lle permitan ao comerciante unha extracción máis áxil e refinada da información sustentada polos seus datos.

David Ainse García, formador ocupacional do INEM, será o encargado de impartir o devandito curso.

O presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo, anima a asistir: "a formación é sempre moi importante, de aí que nos pareza interesante este curso da Aula da Uned de Foz, que está destinado ao comercio. AciaFozCCA vai costear a matrícula das asociadas e dos asociados que acudan de xeito presencial".

## Convocan unha nova edición das xornadas dos doces afrodisíacos

Nova edición das xornadas dos doces afrodisíacos de Foz que se celebrará do venres 11 ao luns 14 deste mes. Estas xornadas servirán para celebrar San Valentín e serán elaborados por tres pastelerías da vila e terán un prezo de 2 euros e entre os clientes que os compren sortearanse 10 vales de compra de 50 euros cada un. O sorteo será en RadioFoz o día 16 de febreiro, mércores.

O presidente de AciaFozCCA, José Carlos Paleo, anima a participar "nestas xornadas gastronómicas tan doces", a facer as compras para agasallar no Día dos Namorados nos establecementos comerciais focenses,



que "ofrecen numerosas propostas para todos os gustos e a celebrar o Día de San Valentín na nosa hostalería".





## Burela-IN creará unha obra no muro da antiga conserveira

A finais deste mes de febreiro saíran publicadas as bases do concurso mural do proxecto Burela-IN centrado na elaboración dunha obra artística no muro da antiga fábrica conserveira situado na entrada do Porto de Burela.

A obra presentada simbolizará a conexión da vila coa actividade mariñeira e para manter coherencia co espazo no que se situará a obra, nas propostas presentadas

deben aparecer elementos relacionados coa actividade conserveira.

Así mesmo, empregaranse redes, nasas, e restos da antiga fábrica Gres Burela e outros aparellos e instrumentos marítimos.

Continuarán traballando en equipo diversas entidades vinculadas co proxecto, sociais e do mundo do mar, as cales colaborarán de maneira activa na proposta gañadora.

## O grupo de participación xuvenil traballa en varias liñas este ano

O grupo de participación xuvenil do Concello de Burela traballa en varias liñas de actuación para este ano 2022. A reunión celebrouse no centro de formación ocupacional da avenida Arcadio Pardiñas.

Así, están a traballar en propostas para as vindeiras festas como é a do Entroido na que propoñen unha actividade do estilo Bús-

queda do tesouro e na que haberá que ir disfrazado para poder participar.

Para a semana da mobilidade que se celebra en setembro están a plantexar torneos 3x3 e unha o Scape Room e queren rehabilitar os espazos urbanos da vila.

Ademais, informar que aínda se está a tempo de participar nesta iniciativa.



**MÁSCARAS.** O Concello de Burela reparte 16.000 máscaras e test de antíxenos nos centros educativos da vila. Na presentación da campaña participaron o alcalde, Alfredo Llano, e as concelleiras de Servizos Sociais e Igualdade, Carmela López e Noelia M<sup>a</sup> Ben.

## Remata o alumeado das últimas pinturas de Amarte no porto

O Concello de Burela levou a cabo os traballos de instalación da iluminación das obras de arte pintadas nas dúas últimas edicións do Certame Amarte no muro da zona portuaria. O concelleiro de Cultura, José Díaz, explicou que “estes días está a procederse a instalar as luces led dos tramos que faltaban de Amarte, son os correspondentes ás dúas últimas edicións. Os traballos quedarán listos a finais desta semana e xa teremos todas as edicións do Certame Internacional de Pintura Mural iluminadas. A verdade é que estas luces que instalamos dan moitísima vistosidade ás obras de arte do muro, que ocupará todo o espazo dedicado a este fin nas dúas próximas edicións, a de 2022 e a de 2023”.

O edil burelés engadiu que “tamén ao longo deste ano imos limpar



as pinturas de edicións anteriores que xa están bastante desgastadas, é algo normal co paso do tempo, porque non hai que esquecer que a primeira edición foi en 2017 e evidentemente van collendo sucidade. Deixarémolas ben limpas e que sigan conservándose da mellor maneira posible, xa que é algo moi

representativo da zona portuaria e de Burela en xeral. Dá gusto ver a moitos turistas e a xente doutros concellos que se fan fotos no muro de Amarte, chama a atención e gústalles. Temos que coidar delas e seguir mantendo ese nivel artístico que está a haber nos últimos anos”.

## Confirmada a oitava edición do Osa do Mar de Burela gracias ao ‘crowdfunding’

O Festival Osa do Mar de Burela anunciaba a primeiros de ano que para a súa celebración 2022 ía facer unha captación de fondos para poder organizar a oitava edición. Así, marcouse obxectivo de chegar aos 3.000 euros, para poder afrontar os primeiros trámites e os gastos básicos, e logrouno en menos de cinco días euros básicos para iniciar as xestións e poder afrontar os primeiros gastos e a día de hoxe xa levan 10.510 euros.



Para participar na creación da oitava edición do festival existen tres tipos de achegas, a primeira, un Bono para os 2 días do Osa do Mar 2022, que consiste na entrada ao recinto os días do festival.

A segunda achega será a da camiseta do Osa do Mar, e o terceiro, un bolso de tela parecido aos que se fixeron en edicións anteriores. “Elixo o pack que mellor se adapte a ti”, din dende Osa do Mar, “tamén temos unha moi boa oferta, o pack Duosa, para as parexas ou amigos que queiran mercar ao mesmo tempo”. Así mesmo, xa está confirmada a data do festival para este ano e será a fin de semana do 2 e 3 de setembro en Burela.



# VA

## VEIGUELA ABOGADOS

### TARJETAS REVOLVING

### ¿ESTÁS AFECTADO?

SI TIENES UNA TARJETA DE CRÉDITO CON PAGOS APLAZADOS, CONSULTA CON NOSOTROS SI PUEDES RECLAMAR LA CANCELACIÓN DEL CONTRATO Y RECUPERAR LO PAGADO DE MÁS

1ª CONSULTA GRATUITA

Llámanos: 982 228 606

📍 Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo.
 📞 982 228 606

📧 veiguelabogados
 📘 veiguela abogados



# Un trimestre moi cultural

Este 2022 chegará á casa de cultura de Burela a II edición do ciclo A Mariña en clave de humor que este ano acollerá grandes espectáculos ata maio.

Dará comezo o domingo 20 de febreiro ás 20.00 horas co monólogo 8 apelidos andaluces con Jesús Piña, Quique de la Fuente, Txapela de Cádiz e Abraham Martín.

Continuará o domingo 27 de marzo ás 20.00 horas con outro grande do espectáculo galego, Luis Zahera, no que se gozará da faceta máis cómica de Zahera, cun monólogo repleto de historias onde por suposto as risas están totalmente garantizadas.

O domingo 24 de abril ás 20.00 horas será a quenda de José Luis Caler e xa por último pero non menos importante, Javier Veiga subirase ao escenario do humor burelés o venres 27 de ás 21.00 horas.

As entradas irán saíndo mes a mes á venda e poderán atoparse na plataforma de woutick.

**CURTAMETRAXE.** A casa da cultura de Burela acollerá o 18 de febreiro ás 21.00 horas a pre-estrea da curtametraxe *Devoradora de nenos*.

A curta está baixo a dirección do burelés Martiño Vázquez e cun amplo elenco de actores como Sergio Pazos, Santi Prego, Xaquín Domínguez e Chus Álvarez. A curta aborda o tema do acoso escolar coñecido como bullying.

Para o asistir ao evento haberá que anotarse na páxina web do pre-estreno.

**ISABEL RISCO.** O venres 11 de febreiro ás 21.00 horas será representada na Casa da Cultura de Burela *Bravas*, segundo espectáculo unipersoal de Isabel Risco no que nos ofrece a súa particular visión da historia das mulleres galegas.

Bravas fai un repaso histórico pola



nosa era, desde a época castrexa ata o século XXIII. Unha viaxe no tempo con paradas en diversas estacións, reparando nas pequenas e grandes historias protagonizadas polas nosas mulleres.

**XABIER DÍAZ & ADUFEIRAS DE SALITRE.** O sábado 19 de marzo ás 20.00 horas terá lugar na Casa da Cultura de Burela un concerto de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre.

No mesmo presentarán o seu terceiro álbum *As Catedrais Silenciadas*, quizais a obra que mellor reflicte a esencia do encontro de Xabier coas adufeiras e probablemente a que explora os límites deste formato con máis profundidade. Chega logo dunha extensa xira por máis de 13 países e 200 concertos e con él quere achegar un berro de alerta ante o progresivo despoboamento do rural e a perda identitaria que isto implica: a desaparición da cultura que temos e que fundamenta a nosa diferenza no mundo.

**EXPOSICIÓN.** O vindeiro venres 4 de febreiro ás 19.00 horas será inaugurada na casa da cultura de Burela unha exposición baseada no folklore galego baixo o nome de Gromo.

A mostra é un novo proxecto artístico de Eloy Hermida, deseñador de Sargadelos, que está composto por diversas obras que teñen como eixo central á mitoloxía e ás paisaxes galegas. O obxectivo de Gromo é achegar de novo as historias que inundaron os pobos á súa xente, dándoo a coñecer ás novas xeracións por medio da súa linguaxe artística.

A mostra poderá ser visitada ata o 28 de febreiro de luns a venres en horario de 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 horas.

## O alcalde anuncia obras de mellora para este semestre

O alcalde burelés anunciou que “imos realizar moitísimas actuacións no noso Concello nos dous primeiros trimestres do ano, que no seu conxunto van mellorar moitas cousas. Imos facer asfaltados, arranxo e recuperación de beirarrúas, pintado de edificios, mellora do pintado na sinalización de tráfico e melloras na Vila do Medio e noutras rúas como Mar Cantábrico. Imos facer o máximo posible en obras e que se note que Burela pode ser unha vila ben coidada para procurar un beneficio para os nosos veciños e veciñas, pero tamén que chamen a atención cando recibimos visitas de fora. Estamos dándolle ritmo para que, o antes posible, come-

cen as obras e procuraremos ter todo licitado xa, algunha incluso empezada, no mes de febreiro”. Alfredo Llano engadiu que “outra das cousas que cremos que é importante para o pobo dado que crea unha expectativa de futuro enorme é a compra de solares de uso dotacional preto do Hospital. Esas conversas xa están perfectamente orientadas. Penso que hai un acordo en principio e imos concluír esa operación o antes posible para que no futuro próximo se poidan ver que tipo de obras se poden realizar alí sempre pensando nas cuestións sociais e públicas, que poidan beneficiar ao conxunto da poboación de Burela”.

## Burela repartirá 2.000 euros en premios no desfile do Entroido

A Concellería de Festexos organiza varias actividades do 25 de febreiro ao 2 de marzo para celebrar o Entroido.

A edil burelesa, Toñi Eijo, explicou que “o 25 de febreiro, que é venres, haberá un xogo de busca do tesouro. O 27 será o desfile, que empezará ás cinco da tarde e ao remate haberá o acto de entrega de premios, cun DJ e chocolatada”. En total no desfile vanse repartir arredor de 2.000 euros en premios.

A concelleira de Festexos subliñou que “as persoas que participen no desfile deberán facelo empregando mascarilla e atendendo a todas as medidas sanitarias que teñamos en vigor nese momento”.

Toñi Eijo seguiu a relatar que “o día 28 farase un taller de cociña na Pra-



za da Mariña, dedicado aos doces típicos do Entroido, para o que hai que inscribirse previamente. O 1 de marzo será o Día do Neno na Praza do Concello, onde haberá inchables, pintacaras, taller de manualidades, ... E o día 2 teremos o Enterro da Sardiña, no que haberá bolos preñados e viño”.

**Tenemos lo que necesitas para AMUEBLAR y DECORAR tu hogar**



# almayo

  
**RIBADEO**  
 Rúa San Francisco, 2-4 Bajo 6  
 Tel.: 636 761 883  
**BARREIROS**  
 Pol. Ind. Cruz do Lobo  
 Nave 10  
 Tels.: 982 585 709  
 652 110 377  
**BURELA**  
 C/ Curros Enríquez, 12  
 Tel.: 660 402 954





## Viveiro manterá ata o día 15 o punto de test de antíxenos

Dende o goberno municipal informaron que o Sergas, en colaboración co Concello de Viveiro, manterá o punto habilitado para facer test de antíxenos de maneira gratuíta durante a primeira quincena do mes de febreiro. As probas continuarán realizándose na Sala Multiusos da Casa do Concello, os martes e xoves, de 10.00 a 13.00 horas. O cribado está aberto tanto á cidadanía de Viveiro como da contorna e non se necesita cita previa.

## A Policía Local disporá dun vehículo cedido pola DGT

A Policía Local de Viveiro disporá este ano 2022 dun vehículo cedido pola DGT mediante unha cesión temporal, grazas á sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Viveiro e a Xefatura Provincial de Tráfico de Lugo.

Así, os axentes de Policía Local contarán cun vehículo rotulado da Dirección General de Tráfico e equipado para levar a cabo os labores de vixilancia e control da circulación de vehículos nas vías do municipio, sinalización e intervención en accidentes de tráfico, e tamén para a participación nas diferentes campañas da DGT.

A esta cesión tamén hai que engadir outros equipos, como é o caso dun cinemómetro Autovelo, outro Multanova, dun etilómetro de precisión ou evidencia e dun etilómetro dixital ou de aproximación.

A Policía Local de Viveiro levará a cabo, durante o ano 2022, diferentes controis policiais nas vías urbanas da súa competencia, coa finalidade principal da prevención, tanto de prever que personas que consumiran alcohol ou drogas circulen ó volante polas estradas, como de evitar os excesos de velocidade polas rúas.

## Concello e Plataforma Sanitaria únense pola situación do centro de saúde

Representantes da Plataforma Sanitaria da Mariña mantiveron unha reunión no Concello de Viveiro coa alcaldesa, María Loureiro. Dito encontro foi solicitado a este colectivo desde a Alcaldía, para tratar en profundidade da situación límite que vive o Centro de Saúde de Viveiro, con días no que un so facultativo estivo a atender a totalidade da vila de preto de dezaseis mil habitantes.

Nesta reunión a alcaldesa de Viveiro trasladou a súa preocupación pola deriva que está a tomar a asistencia sanitaria na localidade e mesmo falou tamén das derivacións que se están a dar tamén desde o PAC ao servizo de urxencias do Hospital da Mariña, sen previa valoración, debido á enorme presión asistencial que están a sufrir por falta de profesionais, así como tamén das eivas dun servizo de atención telefónica sobrecargado ou da xestión ineficaz nos



trámites das baixas por covid. Desde o colectivo sanitario "trasladamos á alcaldesa a nosa preocupación polo desmantelamento que está a sufrir a Atención Primaria na comarca, agravada pola pandemia e a sexta onda, máis xa evidente e progresiva desde o ano 2010. Coincidimos na necesidade de que colectivos, veciños e responsables políticos e sindicais da comarca aunemos forzas para defender a nosa Atención Primaria, pois camiña cara ao caos

máis absoluto"- conclúe Montse Porteiro, coordinadora da Plataforma Sanitaria. A alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, acaba de solicitar unha reunión para falar co Xerente da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte. A rexedora solicitou ademais que a esa reunión, alén do Concello de Viveiro, puidesen acudir tamén representantes da Plataforma Sanitaria da Mariña e os alcaldes e alcaldesas da Mariña que o desexen.

## O Concello lembra que hai que renovar os permisos de acceso ao casco antigo

O Concello de Viveiro recorda á cidadanía que os permisos de acceso ao casco antigo do municipio teñen carácter anual, polo que é preciso efectuar a súa renovación para o ano 2022. Unha circunstancia que se recolle na Ordenanza sobre a regulación do tráfico no casco antigo do Concello de Viveiro.

Neste sentido, os titulares de Distintivos de Acceso Restringido ao casco antigo que desexen renovar a súa vixencia para o presente ano deben presentar no rexistro municipal unha nova solicitude. Deberán realizalo mediante a instancia facilitada nas dependencias municipais, á que se axuntará unicamente a documentación que non conste no expediente do ano anterior ou estea caducada.

## Iniciadas as obras do paseo marítimo

Xa deron comezo as obras de arranxo do paseo marítimo e os traballos de reposición e mellora do vial Travesía da Igrexa, en Covas. En 2021, o Concello de Viveiro e a Deputación de Lugo asinaron un convenio de colaboración para acometer o proxecto que solucionará os problemas estruturais que presenta unha parte do paseo marítimo. O importe deste proxecto ascende a 115.611 euros, dos que a institución provincial achega ao concello 100.000 euros. O Concello aporta pola súa banda 15.611 euros.

As deficiencias estruturais existentes ao longo da fachada marítima consisten basicamente no basculamento cara ó mar da par-

te alta do muro de sostemento da fachada marítima, unido a un asentamento do borde exterior da lousa do paseo marítimo. Estas deficiencias orixinaron unha serie de irregularidades na pavimentación, que motivaron o balado da zona co fin de impedir o acceso aos viandantes.

No proxecto que se vai a executar defínense as obras necesarias para reparar 90 metros da fachada marítima de Viveiro e dotar ao mesmo da protección necesaria para a súa utilización de forma segura por parte da poboación. Entre as actuacións previstas inclúense a consolidación do terreo, a execución da lousa e o reforzo da balastrada.



Obras de arranxo do paseo marítimo

**TRAVESÍA DA IGREXA.** Por outra parte, o Concello de Viveiro incluíu dentro do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 as obras de reposición da urbanización e mellora dos servizos urbanos existentes da Travesía da Igrexa, en Covas, cunha achega por parte da Deputación de Lugo de 57.904,67 euros.


O obxectivo desta actuación é a reposición da pavimentación do vial en toda a súa lonxitude e a mellora


dos servizos urbanos existentes e reestructuración integral do mesmo para garantir a súa funcionalidade.


As obras a realizar consisten no levantamento de pavimento e instalacións existentes, mellora da pavimentación, reposición da rede de pluviais, canalización de alumeado público, reposición de escaleiras existentes, saneado de muro de pedra existente e dotación de novas barandas.

VEN A REPOSTAR  
A  **Ortegal Oil**

ESTACIONES DE SERVICIO ABIERTAS 24H Y 100% SEGURAS  
OFRECIENDO SIEMPRE LO MEJOR PARA NUESTROS CLIENTES

 [www.ortegaloi.es](http://www.ortegaloi.es)

 [Ortegaloi](https://www.facebook.com/Ortegaloi)

 881 93 18 56

  
Escanea y visita  
nuestras estaciones





## O Teatro Pastor Díaz presenta o programa para os vindeiros meses

O Teatro Pastor Díaz anunciou o programa cultural que estará vi-xente nos próximos meses. Esta programación inclúese dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ao que se suman outras propostas culturais puntuais organizadas polo Concello.

O programa inclúe espectáculos para todos os públicos, comezando o sábado 12 de febreiro ás 18.00 con *Sopa de Piedras* de Engruna Teatre dirixido a público infantil dende os 4 anos. Tamén en febreiro, o sábado 19, os nenos e nenas de 4 a 9 anos poderán gozar da obra *Onde Viven os monstros* da compañía Os náufragos.

A programación para adultos comezará o sábado 5 de marzo, coa obra de comedia *As que limpan* de A Panadería Teatro ás 20.30. O calendario propón hasta o mes de maio diferentes espectáculos, tanto para público familiar como infantil, e con distintos xéneros, como danza, drama ou comedia. Estas actividades súmanse á celebración doutras datas sinaladas ou efemérides, para ás que o goberno local deseña unha pro-



gramación específica. Por exemplo, o Concello de Viveiro traballa nun programa específico para reivindicar ás mulleres artistas o próximo 8 de marzo, día internacional da Muller Traballadora, a través da figura de Maruja Mallo. As Letras Galegas ou o recén recuperado Entroido son outras das datas cun programa cultural específico.

“Dende o Concello de Viveiro temos que agradecer ao público dos eventos culturais a súa fidelidade, asistindo ás diferentes actuacións. Grazas á súa alta participación,

podemos seguir ofrecendo unha completa e variada programación”, subliña Lara Fernández Fernández-Noriega, concelleira de Cultura.

As entradas aos espectáculos deben comprarse de luns a xoves, no teléfono 982 560 162 de 9.00 a 14.00, ou no correo electrónico [rbg.cultura@viveiro.es](mailto:rbg.cultura@viveiro.es).

O Concello de Viveiro afianza así a recuperación da normalidade no programa cultural. Non obstante, prestarase especial atención ao protocolo sanitario durante o desenvolvemento das obras.

## Novos carteis nas rutas de sendeirismo

O Concello de Viveiro ten entre as súas prioridades de goberno a posta en valor do seu atractivo natural e paisaxístico para o seu disfrute por parte de veciños e visitantes.

Dentro dese obxectivo xeral, ten un plan de mantemento e conservación continua das rutas de sendeirismo, unha das mellores formas de coñecer o concello e practicaR hábitos de vida saudables.

Nas últimas semanas, o concello

procedeu á renovación dos carteis informativos da ruta que une Viveiro co Penedo do Galo, unha das máis transitadas polo seu alto valor paisaxístico.

“Temos unha contorna natural privilexiada que debemos coidar entre todos, no caso do concello con actuacións para que as rutas estén nas mellores condicións”, asegura María Loureiro, alcaldesa de Viveiro.



## O Concello acolle as dúas primeiras propostas do grupo de participación xuvenil

O Grupo de Participación Xuvenil de Viveiro medra coa incorporación de 6 novos membros.

Deste modo, na cuarta reunión do grupo, os menores, ademais de coñecerse e divertirse, deseñaron dúas actividades que xa contan coa autorización do Equipo de Goberno para ser realizadas no municipio.

A primeira delas, con motivo do entroido, será un Scape Room sobre os Dereitos da Infancia, que terá lugar o luns 28 de febreiro no pavillón do IES Vilar Ponte. A segunda será unha iniciativa relacionada co 8M, día Internacional da Muller Traballadora,

na que o grupo deseñou tarxetas violetas con frases reivindicativas e feministas.

Nesta iniciativa, a súa intención consiste en suxeitar cuns lazos da mesma cor estas mensaxes, feitas por elas e eles mesmas/os, en diferentes espazos do municipio, coa intención de que todo o mundo as poida ler. Asemade, como exemplo para a cidadanía, o grupo comprometeuse a recoller todas as tarxetas unha vez finalice o día, como signo de respecto polo mantemento da orde e limpeza dos espazos públicos.

## Entregados os premios do Certame de Poesía Infantil Nadal



O Goberno local deu a coñecer a resolución do Certame de Poesía Infantil Nadal 2021 na súa fase local. Nesta edición, Viveiro contou con participantes na categoría B, que inclúe a nenos/as de 9 a 12 anos. Os textos gañadores son os de Marta García Vale, do centro de ensino Landro; o de Daniel Míguez González, do CEIP de Covas e o de Blanca Loureiro Valledor, do CEP Lois Tobío.

Ademais, concedéronse tres accésits recoñecendo os textos de Inés Mari-

ño Gómez, Nereida Pereira Louzao e David Güeto Diéguez.

Os traballos premiados nesta fase local no concello de Viveiro enviaranse ao certame provincial, no que o xurado escollerá os mellores textos entre os poemas enviados polos nenos de toda a provincia de Lugo.

O xurado estivo formado por Amadora Taracido Lago, Covadonga Dopico Cachán, Ana María Fernández-Noriega Fernández e Lara Fernández-Noriega.

**¡CARNAVAL 2022!**

**H Y MULTITIENDA**

**HORARIO**  
09:30 - 21:30

**P**

**Avenida Álvaro Cunqueiro 50, Foz**

**Belleza**

SIEMPRE, EL MEJOR REGALO

ACIERTA CON LAS TARJETAS REGALO DE SKYNDOR

ESTE SAN VALENTÍN REGALA BELLEZA

SKYNDOR

**Dermoterapia Centro de Estética**

Foz  
Cita Previa:  
664 527 486

Instagram, Facebook, WhatsApp icons



## Aprobada a suspensión da taxa de terrazas para a hostalaría viveirense

No Pleno celebrado o 11 de xaneiro aprobouse por unanimidade a proposta presentada polo goberno municipal para suspender durante o ano 2022 a aplicación das ordenanzas fiscais 13 e 6.

Este é o terceiro ano dende o inicio da pandemia no que se suspende a aplicación das ordenanzas fiscais número 13, reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, e número 6, reguladora da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento. No que respecta ás terrazas, cómpre engadir que non só se lles exime do pago da taxa pola ocu-

pación, senón que tamén poden amplialas aquelas que poidan e que cumpren o regulado.

“Dentro das nosas competencias municipais, temos que contribuír á recuperación económica e impulsar medidas de apoio a un sector moi afectado pola pandemia do coronavirus”, asegura a alcaldesa. Esta suspensión da ordenanza de ocupación de vía pública para a instalación de terrazas supón unha diminución de ingresos para o concello de arredor de 40.000 euros, mentres que a suspensión da ordenanza pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de actividade, apertura ou funcionamento supón unha diminución de aproximadamente uns 10.000 euros.

## Reclaman axudas para a mellora do campo de Lavandeiras

O Concello de Viveiro remitiu á área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo e ao Servizo Provincial de Deportes da Xunta unha copia do proxecto para executar diversas melloras no Campo de Lavandeiras, solicitando a colaboración económica de ambas administracións.

Dende o Concello de Viveiro considérase que se trata dunhas actuacións necesarias, que permitirían a práctica de máis modalidades deportivas e reducir a carga de actividade do Campo de Fútbol Marcos Gómez. Neste momento, o Campo de Lavandeiras xa está sendo utilizado por algúns clubs ou asociacións deportivas, pero a falta de vestiarios, por exemplo, impide a celebración de partidos oficiais (Liga, Copa, etc.). As actuacións contempladas neste proxecto inclúen a dotación dunha serie de elementos necesarios

para poder levar a cabo a práctica deportiva, como poden ser redes, vestiarios, banquillos, etc., así como a reforma da instalación eléctrica do campo de deportes.

Con respecto á modificación da instalación eléctrica, o obxectivo desta actuación é dotar o campo de deportes dun suministro propio. O campo dispón nun dos laterais de dúas torres de celosía con proxectores; en cada unha das torres hai instalados 6 proxectores de HM de 400 w e a idea é manter a iluminación existente.

En relación co equipamento, o proxecto inclúe a instalación dunha valla ou barandilla perimetral que separe o terreo de xogo da zona destinada a espectadores; dunha caseta-vestiario modular con estrutura autoportante soldada e con paneis sándwich; de redes e de banquillos, para os reservas, técnicos, etc

## Convocado o VII Concurso de fotografía Traballos e Mulleres

Viveiro convoca o VII Concurso de fotografía Traballos e Mulleres o cal se dirixese a fotógrafos afeccionados que deberán presentar fotografías sobre a temática da muller e do traballo, tanto no ámbito público como privado. O Concello pretende con este concurso visibilizar o papel feminino en todos os sectores da sociedade. Cada participante poderá participar cunha soa obra e o prazo de recepción de orixinais no CIM finalizará o 1 de marzo de 2022. Concederanse tres premios, de 300, 150 e 100 euros, ademais dun galardón á obra máis votada polo público de 100 euros.

O público outorgará este premio especial en virtude dos votos emitidos no perfil de Facebook Programación Cultural do Concello de Viveiro entre o 8 e o 13 de marzo, no que se amo-



strarán todas as fotografías.

Os participantes xa poden compartir as súas imaxes. As persoas interesadas deben dirixirse á web <https://fotografia.traballosemulleres.com/> cubrir o formulario cos seus datos e subir a fotografía coa que desexen participar. Na web tamén se atopan as bases deste certame.

**MAMÁ TRABALLADORA.** Así mesmo, convoca o concurso de debuxo escolar máma traballadora no que poderán participar todos e todas os alumnos e alumnas de 3º, 4º, 5º e 6º de Educación Primaria dos diferentes centros escolares do Concello.

Cada centro escolar fará unha pre-selección de debuxos, elixindo cinco propostas para cada unha das categorías e establécese que cada gañador de cada unha das categorías leve un diploma e lote de material escolar.

Con motivo do Día Internacional da Muller Traballadora, o 8 de marzo, o Concello de Viveiro montará unha Exposición cos debuxos presentados e, no momento da clausura de dita Exposición, darase a coñecer o debuxo gañador en cada categoría.

## Volve o Entroido a Viveiro



Este ano o Concello recuperará a celebración do Entroido, previsto para a última semana de febreiro. Retoma así esta festividade, limitada nas dúas últimas edicións polo contexto sanitario. Nas próximas semanas, o Concello informará da programación completa e das bases do desfile de Entroido.

A decisión de retomar o Entroido por parte do Concello de Viveiro baséase nas novas medidas sanitarias anunciadas polo goberno autonómico, que prognostican unha mellora da situación epidemiolóxi-

co. Non obstante, terase en conta en todo momento a evolución do contexto sanitario.

Dende o goberno municipal infórmasse que próximamente se dará a coñecer o programa completo deste Entroido, na que, en todo caso, se incluírán as citas e actividades máis tradicionais. Entre elas, celebraranse as Alpuxarradas, que terán lugar o sábado; o día do Neno, programado para o luns; o desfile de Entroido, previsto para martes 1 de marzo; e o enterro da Sardiña, que se celebra o mércores de cinza.

## Viveiro quiere ser Itinerario Cultural do Consello de Europa

A Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua, da que forma parte o Concello de Viveiro, completou diferentes iniciativas encamiñadas á ser nomeada Itinerario Cultural do Consello de Europa.

Esta rede está participada polo Concello de Viveiro e pola súa Semana Santa, representada na Xunta de Cofradías polas súas tres irmandades, catro cofradías e a venerable Orde Terceira franciscana.

A Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua, formada por municipios de todo o continente, ten por obxectivo promocionar o patrimonio cultural, tanto material como inmaterial, relacionado coa da Semana Santa e Pascua.

Deste modo, na Feira Internacional de Turismo Fitur a Rede Europea de Celebracións de Semana Santa e Pascua presentaba a súa candidatura como Itinerario Cultural Europeo. Un recoñecemento que lle permitirá posicionarse como un atractivo cultural de valor en toda Europa.

MEMBER OF  
**Dow Jones**  
Sustainability Indices  
In Collaboration with RobecoSAM



Changing  
Tomorrow  
Now

ya llevamos 14 años  
cambiando hoy el mañana

edp

edp.com





## Estudan cinco posibles ubicacións para o novo centro de saúde

O alcalde de Ribadeo reuniuse co conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña, para plantexarlle 5 posibles localizacións para o novo centro de saúde, xa que as autoridades sanitarias aseguran que non é factible reformar o actual.

O rexedor declarou “as ubicacións teñen diferentes casuísticas e agora os responsables técnicos da Consellería de Sanidade estudarán e valorarán cal é a que mellor se pode adaptar as necesidades técnicas deles. Estas ubicacións que lles fomos plantexando, como todo na vida, teñen vantaxes e inconvenientes: sobre a centralidade, sobre as comunicacións de acceso rodado, de dimensións das parcelas posibles, así como tamén de tramitación administrativa, posto que todas elas precisan dalgún cambio normativo e algúns incluso non son de índole municipal senón coa salvedade autonómica”.

O actual centro de saúde aparece re-



Centro de saúde de Ribadeo

collido na Fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria e logo dun estudo do estado das infraestruturas decidiuse priorizar a construción dun novo centro de saúde en Ribadeo tendo en conta que o actual centro de saúde, de 35 anos de antigüidade, presenta unha importante falta de espazos e de funcionalidade asistencial, dificultando o necesario crecemento

dalgunhas áreas. Para substituílo, o documento estratéxico propón un novo centro cun plan funcional que contempla incrementar en 5 as consultas de adultos, crear unha consulta para o programa da muller, outra para o hixienista dental, salas de reanimación e de observación no PAC, a integración de espazos para o 061 e o aumento das superficies nas áreas fisioterapia ou radioloxía.

## O PP denuncia por terceira vez vertedoiros incontrolados



A vicevoceira do Partido Popular, Elena Sierra, agarda que “á terceira vai a vencida”. Así o sinala tras chamar a atención do goberno local do BNG en marzo do 2020 e en novembro do 2021 sobre a situación dos vertedoiros incontrolados en varios puntos.

A popular explica que “o lixo non é que siga aí; senón que vai en aumento, sobre todo, na entulleira de Porto. Isto é vergoñento”, sinala e advirte que “queremos que se actúe e se limpen dunha vez por todas estes vertedoiros”. O PP preguntou no Pleno de fai varios meses polas actuacións previstas e o goberno local respondeu que xa o farían pouco a pouco.

**LIMPEZA.** O PP lamenta a mala imaxe que deu a vila durante as festas de Nadal debido á sucidade das vías. Por iso denuncia a limpeza da vila de Ribadeo onde “deixa moito que desexar”. A concelleira Elena Sierra sinalou que “o baldeo e limpeza das rúas é inexistente. Hai zonas na vila que levan tanto tempo sen limpar, que as beirarrúas están cubertas de verdín. Por non falar da abundancia de excrementos de animais”.

**VARREDORAS.** Así mesmo dixo que

“as dúas varredoras do Concello atópanse no taller. E, unha delas, xa desde o mes de xuño. Non me estraña que o concelleiro de medio ambiente, o señor Freije, nin se acordase” cando respondeu á pregunta formulada polos populares no último pleno en relación ao mantemento da maquinaria municipal ao dicir que “neste Concello había maquinaria de sobra. Pero, desde logo, non entendemos a que Concello se refire”, apunta. A popular advirte de que esta situación se debe a “un problema moi claro: a falta de mantemento da maquinaria municipal”. E denuncia, nese sentido, “a desidia e deixadez deste Goberno ao que lle da todo igual”.

**FACTURAS.** “O Goberno do BNG aínda está a pagar facturas pendentes do 2018 correspondentes ao pan do piso tutelado que xa non é titularidade do Concello dende xa fai 3 anos”, di Daniel Vega. O voceiro apunta que “foi aprobado en Pleno o pago dunha factura de máis de 5.000 euros en combustible. Seguramente á empresa non lle guste cobrar con atraso, pero o Concello di que a culpa é das empresas que presentan tarde as facturas ou dos funcionarios”.

## O Círculo Habanero da Devesa será unha biblioteca indiana

O Círculo Habanero da Devesa converterase nunha biblioteca indiana, así o comunicou o voceiro popular ribadense Daniel Vega, para así permitir por en valor o importante legado que ten a cultura emigrante para este municipio.

O voceiro destaca o “extraordinario traballo que está a facer a asociación para conservar todo este

patrimonio que temos”. Neste senso, engade que esta nova actuación é consecuencia dos anos de traballo entre o Goberno galego e este colectivo “levan varios anos traballando conxuntamente, dende a conservación dos edificios, actuando nos 3 e, agora, complementando a súa oferta con este novo espazo cultural”.

Por tanto, Daniel Vega avanza

que esta biblioteca converterase “no lugar no que calquera veciño e calquera visitante pode disfrutar de toda esa documentación”. “O Círculo abre as portas. Será un lugar no que formase e informase”. Isto demostra, apunta, “que volvemos a impulsar a cultura do noso Concello, poñéndoa en valor e trasladándoa máis alá da nosa comarca”.

**GEOCLIMA ST**  
CLIMATIZACION - FRIO INDUSTRIAL  
ENERGIAS RENOVABLES - CALEFACCION

**INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO**

REFRIGERACIÓN

CALEFACCIÓN

SOLAR TÉRMICA

BIOMASA

**SOLUCIONES PARA:**

- Comunidades
- Garajes
- Hipermercados
- Hospitales y clínicas
- Hostelería
- Instalaciones Agropecuarias
- Locales comerciales
- Naves Industriales
- Oficinas
- Salas informáticas
- Turismo Rural
- Vivienda residencial

**REALIZAMOS:**

- Climatización
- Ventilación
- Instalaciones térmicas
- Protección contra incendios
- Maquinaria de Hostelería
- Calefacción
- Suelo Radiante
- Refrigeración
- Pailas para chimeneas
- Recuperadores de calor
- Calderas

Rúa das Mercadorías, 121 - Pol. Industrial O Ceao. 27003 - Lugo  
982 814 147 / 636 462 063 [www.geoclimast.com](http://www.geoclimast.com)

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

# MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin  
Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo  
628 126 720 - [info@valireylugo.com](mailto:info@valireylugo.com)

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**



# “O alcalde de Ribadeo non valora o faro como elemento histórico”

Covadonga Suárez, presidenta da Asociación de Veciños Por Nuestro Faro

**Vostede é presidenta da Asociación Por Nuestro Faro, non?**

Sí, en efecto. A asociación como tal constituíuse hai unhas dúas décadas, pero existimos como colectivo dende o ano 2015. Todo comezou cando me entreei pola prensa de que querían privatizar a Illa Pancha para montar un hotel. Nun primer momento quedei asombrada de que algo así fose posible. Eu, e coma min moita xente, pensaba que a illa estaba pechada ao público por motivos de seguridade, pero o máis importante é que iso iba contra a idea de que o patrimonio público non se podía ‘vender’ nin ‘alugar’, e aínda menos un lugar emblemático como a Illa Pancha.

Aínda non sabía cando, cómo, nin qué empresa ía facelo pero ensinada tiven a percepción de que se trataba dunha manobra política que non tiña en consideración, non só ao pobo de Ribadeo senón aspectos fundamentais como son o concepto do público, e o respecto dunha zona protexida pola Rede Natura 2000 (lugar de interese comunitario, LIC, et Zona de especial protección das aves, ZEPA).

**Hai moita xente implicada nela?**

Despois disto abrí un grupo en Facebook e púxenme a recoller firmas en Avaaz. E de seguida comezou a xuntarse xente arredor á idea. Así, hoxe o grupo conta con 804 membros. A asociación como tal formouse hai pouco para facilitar a xestión das nosas iniciativas, cun núcleo permanente de dirección que se reúne periodicamente.

**Cales son os principais obxectivos? Cal é a problemática do Faro?**

Como dicimos no noso grupo de Facebook: queremos unha illa Pancha libre, protexida e pública, e son dereitos que non se están a respetar. Hoxe sabemos, despois de moito indagar, que unha das condicións da licenza de apertura do hotel era o acceso libre á illa á cidadanía en xeral (non só aos clientes do hotel), algo que non se está cumprindo e que

conta coa complicidade do Concello de Ribadeo, que non esixe que se cumpla. Tampouco existe o informe de impacto medioambiental, necesario nunha zona protexida. E ben sabido que os intereses particulares, personalistas ou partidistas son incompatibles coa defensa do público. E eses intereses comezan a facerse evidentes no momento mesmo no que o Goberno central de Rajoy decide levantar unha lei que prohibe a explotación dos faros para uso hoteleiro: a anulación de esta lei ten lugar en maio de 2015, mentras que as xestións privadas xa empezaran en decembro de 2013. É dicir, que cando saíu a noticia nos xornais, en abril de 2015 o faro estaba ‘apalabrado’xa facía moito tempo.

**“Unha das condicións da licenza de apertura era o acceso libre á illa e non se cumpre e ademais conta coa complicidade do Concello”**

A continuación foi unha odisea tentar de reunir información que xustificase as decisións das institucións ata o punto de ter que recurrir ao Defensor del Pueblo de Madrid, que chamou ás portas pertinentes para acabar dándonos a razón, aconsellou paralizar as obras do hotel e manifestou a necesidade dun informe simplificado de avaliación medioambiental. Puertos de Ferrol-San Cibrao comprometeuse a aportalo pero nunca foi presentado, e o Goberno local púxose de perfil. Nada cambiou, fíxose o hotel e pechouse a illa aos ribadenses. Despois comezou a tramitación dunha cafetería que abriu este verán por sorpresa, coa que, aseguraba a empresa promotora, abrirían a illa a to-

dos, pero a día de hoxe, a illa segue pechada.

O muro co que se atopa a nosa asociación é a falta premeditada de información nunha tramitación feita de irregularidades e de silencios. Non entendemos por qué a illa está pechada na súa totalidade se a concesión comprende un espazo de 500 metros. Outra cousa que non se entende é por qué é necesario un hotel para abrir a illa a unhas poucas, e unha cafetería para abrila a todos, eso sí só nos horarios dos negocios privados que a ocupan.

**Que lles parece a decisión da creación do hotel e da cafetería?**

Creemos que a decisión de permitir a implantación dun hotel e unha cafetería é absolutamente arbitraria, que non respecta o que entendemos que non é explotable, un símbolo patrimonial, e unha zona protexida polas leis europeas, españolas e comunitarias. Pero aínda máis, o noso obxectivo como asociación é coidar dun ben público e servir á veciñanza. Por eso, e dado que as institucións non o fan, Por Nuestro Faro seguirá de cerca todo o que pase na illa e informará aos ribadenses pertinentemente da situación sempre que sexa posible.

**Como se atopa agora mesmo? paralizadas as obras ou a seguen adiante? Conta coas licenzas pertinentes?**

As obras están acabadas pero nin sequera se sabe cal é o horario da cafetería nin si hai un horario oficial de apertura da illa, nin quen o decide, nin quen pecha ou abre a illa. Sabemos que está pechada aos ribadenses.

No que se refire á cafetería, por exemplo, sabemos que contou coa licenza de obra. Soupémolo tarde e pola prensa, como xa é costume. Esa licenza foi acordada no período de confinamento, o ano pasado, é dicir, en silencio, sen público. Entón fixemos alegacións, por exemplo lembramos que aínda non había estudo de impacto medioambiental e que a fosa séptica estaba sen legalizar (e iso xa dende os tempos do hotel), pero non foron aceptadas. Agora en vez da licenza de apertura existe a ‘comunicación previa’, unha declaración da empresa promotora na que asegura que todo está correcto. O problema é que o Concello de Ribadeo 5 meses despois aínda non formulou a acta de inspección municipal, que é como dicir que o cren cegamente.

**Que resposta obtiveron da Valedora e que consecuencias tivo?**

Hai unhas semanas decidimos recurrir á Valedora do Pobo para obter respostas. Sinxelamente, o



Covadonga Suárez

alcalde de Ribadeo non contesta a ningunha petición de información pola nosa banda, e vémonos obrigados a dirixirnos á Valedora, que é a institución que garante a transparencia. Entón, recibimos un correo coas respostas do Concello pero sen a información que pedíamos. Limitábase a dicir que todo está en orden, pero eles mesmos recoñecen que aínda non hai acta de inspección municipal, polo que non poden saber se todo está en orden. É esperpéntico.

**“O alcalde dixo que lle daba igual que montaran alí un hotel, unha cafetería ou unha tenda de roupa”**

Ou sexa, seguimos sen saber por qué non se respecta o acceso libre á illa, se os horarios de apertura da illa son os que se anuncian nas redes sociais e se foron autorizados, cómo se aplica a lei de Costas que especifica que non se pode pechar a beira do mar, se as obras realizadas e engadidas (varandas, camiños, terrazas, escalearas, etc.) se axustan ao proxecto, se a nova actividade non engade riscos de afección medioambiental, se a fosa séptica segue sen legalizar,... Así que, Por Nuestro Faro volveu dirixirse á Valedora para pedirlle que profundice nas súas investigacións na procura de estas informacións.

**Cre que o Faro e a Illa Pancha están valorados coma un elemento histórico da vila e polo tanto de acceso libre?**

Non o creo así porque o Goberno local de Fernando Suárez nunca fixo presión de ningún tipo, ao contrario, como pode verse non dá información, non resposta aos nosos correos. Cando a noticia saíu nos xornais en 2015, o alcalde declarou que poñer un hotel na Illa Pancha era un premio para Ribadeo e a súa contención urbanística no pasado. O problema é que o premio é para a empresa privada que a explota e para os clientes do hotel que non son de Ribadeo e que desfrutan da exclusividade dun lugar único. Nin promociona o turismo xa que ten o acceso pechado, nin da diñeiro a Ribadeo porque está lonxe do centro, nin crea postos de traballo, como é normal nun hoteliño de dúas suites.

**Non o valora entón?**

Non cremos que valore o faro como elemento histórico porque, como xa dixera nun xornal o 9 de xuño de 2017, a él dáballo igual que montaran alí un hotel, unha cafetería ou unha tenda de roupa, unha declaración que está moi lonxe de sacralizar o espazo da illa Pancha. Por outra banda, o acceso libre, contemplado na licenza de apertura do hotel e concedida polo propio Concello, non foi respetado nin garantizado. E agora permite que os horarios dunha cafetería decidan a apertura de toda a illa no verán. Pero para ser sinceros, o silencio e a opacidade co que trata todo o tema xa é proba suficiente.



Unha vista da illa Pancha



Concentración de veciños ante o Concello



## Varios inmuebles da Cabanela destinaranse ao aluguer de vivenda



O Concello anunciou que nunha das actuacións do Plan Rexurbe, en Cabanela, o equipo de goberno aposta “porque a rehabilitación destes inmuebles en ruínas sexa destinado ao aluguer de vivenda para a xente nova”.

O rexedor dixo “este é un novo paso que pretendemos dar precisamente para actuar naqueles ámbitos que nos parece que está máis degradados e que soamente coa iniciativa privada é difícil”.

Un exemplo é o barrio de Cabanela, onde naceu Ribadeo aló polo século XII e que está nunha situación de tremenda ruína, nun estado lamentable desde hai decenios. Polo tanto espazos como este son propicios para que, con esta iniciativa Rexurbe, entre varias administracións se poida impulsar. Tamén contando coa iniciativa privada, pero as administracións deben impulsar, tutelar e dirixir estas iniciativas.



**RIBADEOXQSI.** Co propósito de seguir a promocionar a vila como destino turístico o Concello editou o calendario RibadeoXQSi 2022. O calendario conta con códigos QR escaneables que permiten acceder á información ampliada sobre o mesmo. O almanaque estase a distribuír estes días polos aloxamentos hostaleiros, aínda que tamén estará dispoñible para os visitantes na Oficina de Turismo de Ribadeo.

## Teatro, danza, música e libros na axenda cultural



Presentacións de libros, teatro, danza, música, actividades do Apego, do Concello cos coles e Cultura nas Parroquias conforman a axenda ata marzo do Concello de Ribadeo.

No capítulo de libro, o vindeiro 11 de febreiro, Roberto Mera trae Alejandro Viana. Un galego á fronte do rescate dos exiliados republicanos, arredor dunha figura que xa se vén chamando o Schindler galego.

Contará co proxecto do Centro de Artesanía e Deseño da Deputación chamado *A memoria do son*, comisariado por Luciano Pérez e que está centrado na reprodución de instrumentos musicais medievais. A maiores, a exposición conta cun audiovisual que recolle imaxes do Pórtico da Gloria e a gravación por parte da Coral Polifónica de Ribadeo da antífona do século XIII, que se converteu no documento máis antigo do noso arquivo municipal. A mostra forma parte tamén do conxunto de actividades, que baixo o lema O Concello cos coles, recibirá a visita de varios grupos do alumnado.

Incluiranse dous eventos ligados á conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller.

Trátase da actuación da rapeira Miss Raisa e o espectáculo teatral *Benquerer(se)* de Aldaolado”.

Á danza dedicaranlle toda unha fin de semana a través das propostas da compañía Lad Dance Company, da que forma parte o mariñán Iago Alonso. O ciclo está composto pola obra *Caos*, de danza contemporánea e por *Iconic*, de danza urbana. A maiores haberá tres obradoiros para o alumnado de danza da Escola Municipal.

A axenda cultural ata marzo inclúe varias propostas teatrais. Por unha banda, o xa clásico-moderno, *A lingua das bolboretas*, de Sarabela Teatro, que ademais da función para público xeral ofrecerá outra a través de O Concello cos coles para case 300 alumnos e alumnas. E pola outra, a meritosa versión que de *A lúa vai encuberta* fai a compañía A Quinta do Cuadrante. No ciclo de Cultura nas parroquias, a contadora Paula Carballeira en dúas fins de semana estará nas parroquias de Ove, Vilaframil, Couxela e Covelas. E poñémoslle o ramo a este feixe de propostas con Ugia Pedreira, que actuará no auditorio o 12 de marzo presentando o proxecto *Segmento Cantábrico*”.

## Colocan malla antideslizante no paseo das Aceas

O Concello de Ribadeo realiza estes días traballos de mantemento e seguridade no paseo das Aceas, preto da Casa das Algas, co fin de evitar esvaróns ou caídas ocasionadas pola choiva ou pola xeadas. Operarios municipais están a instalar unha malla antideslizante nesa zona. As tarefas rematarán nuns días.

Estas labores de mantemento consisten na colocación de malla no acceso ás Aceas, en concreto nun tramo no que hai unha varanda bastante importante na Vilaella. Esta malla, antideslizante para pavimentos de madeira e incluso para sendeiros, pasarelas e escaleiras, servirá para que todos eses esvaróns que había e incluso caídas que houbo non se volvan repetir.

## Anuncian obras de mellora na rúa Antonio Otero

O Concello comunicou que nos próximos días darán comezo os traballos de mellora da rúa Antonio Otero, no treito comprendido entre a Biblioteca Municipal e o porto. O investimento ascenderá a máis de 84.000 euros e o prazo de execución será de 2 meses.

Dende o Concello informaron de que despois do Nadal “vamos empezar con forza en toda esta parte do casco vello, un treito que está deteriorado desde hai moitos anos e agora, por fin, ímoslle dar solución. Para iso utilizamos o diñeiro que temos da Área de Rehabilitación Integral (ARI) nestas partes de obra pública que financiamos entre o Concello de Ribadeo e o Ministerio”.

## EN BREVE

**MEMORIA DO SON.** A mostra A memoria do son, que conta con fondos instrumentais e do arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad) da Deputación poderá verse na Oficina de Turismo de Ribadeo ata o 20 de febreiro.

**CARTAS DE AMOR.** A galería ribadense Terra Branca convoca o VIII Concurso de Cartas de Amor e para participar o único que hai que facer é escribir unha romántica. A carta pode ser en galego ou castelán e non hai límite de cartas por participante. Os orixinais deben enviarse por correo postal ou electrónico con todos os datos do autor ou entregala directamente antes do 14 de febreiro.

**NUEVAS INSTALACIONES**  
Rúa María Barbeito 2, Polígono Industrial As Gándaras  
27003 Lugo - Tel.: 982 816 138  
[www.my-bike.es](http://www.my-bike.es)

**HOMBRE  
MUJER  
NIÑOS**  
Servicio a domicilio  
Horario mañanas:  
9:30 a 13:30  
Tardes: 16:00 a 20:00  
Tel.: 663 536 651  
C/ Federico García  
Lorca, 2 Foz

**AISHA**  
PELUQUERIA  
BARBERSHOP



alfoz



## Iniciada a redacción do plan básico municipal

Comezouse a redacción da segunda fase dos plans básicos municipais, da que forman parte varios concellos lucenses, entre eles o de Alfoz. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de adxudicar os contratos do acordo marco para o servizo de redacción deste instrumento de ordenación, pensado para os concellos de menos de 5.000 habitantes.

O importe para este Concello mariño é de 65.113 euros e cómpre lembrar que a financiación dun plan básico municipal é unha das vías da Xunta de Galicia para apoiar ás administracións locais na meta de contar cunha ferramenta que lles garanta unha ordenación responsable e sus-

tentable do seu termo municipal e que está recollida na Lei do solo. A adxudicación deste contrato é a continuación dos traballos necesarios para obter a cartografía das 36.890 hectáreas que suman os tres concellos de Alfoz, Guntín e Samos, que xunto co resto da segunda fase se unirán á listaxe xa formada por outros nove: Ribeira de Piquín, Riotorto, Trabada, Triacastela, Cartelle, Padrenda, Porqueira e San Xoán de Río; que tomaron como modelo e exemplo o plan básico do Páramo, redactado e impulsado pola Xunta. Estes concellos da primeira fase continúan avanzando na súa tramitación, tras acadar xa a aprobación inicial dos seus respectivos PBM.

## Os plenos non se gravarán

No Pleno municipal VIA Alfoz instou ao Goberno municipal a que, a través do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, se proceda á gravación dos Plenos Municipais. Así mesmo, tamén se solicitou que as gravacións das sesións se publiquen na páxina web do Concello de Alfoz, habilitando un espazo visible e facilmente accesible para tal fin.

Sometida a moción a debate, finalmente non foi aprobada polo voto en conta dos catro representantes do PSOE presentes no Pleno.

Desde o grupo municipal de VIA Alfoz indican que, "as administracións públicas, e os representantes políticos que formamos parte delas, temos a obriga de facilitar a maior información e participación da nosa veciñanza nos asuntos municipais que lles interesan e lles afectan". Ademais, tal e como indica a moción, indican que "é

obvio que os debates e os acordos adoptados nos Plenos municipais interesan e afectan a toda a veciñanza, tendo dereito a acceder de forma sinxela e rápida ao que din e deciden os seus representantes".

Desde o equipo de Goberno do PSOE indican que as actas das sesións xa se publican na Sede Electrónica do Concello polo que non consideran necesaria a gravación dos Plenos. Neste sentido, desde VIA Alfoz recordan que "é certo que se lle dá publicidade ás actas das diferentes sesións, pero consideramos que a gravación dos Plenos Municipais é unha forma sinxela e obxectiva de amosar a transparencia que a veciñanza espera dos seus representantes políticos", ademais, "non entendemos a actitude do PSOE, nin sabemos o que lle queren ocultar aos veciños".

o valadouro

## O Valadouro e Alfoz poderían ter unha central hidroeléctrica reversible

O Concello do Valadouro e en menor medida o de Alfoz poderían contar coa central hidroeléctrica reversible Xistral e así o comunicaron varios veciños nas redes sociais do municipio. Esta central construíriase por unha empresa zaragozana en terreos do Concello do Valadouro e que afecta en menor medida a Alfoz e Oural e a Xove e Cervo coa construción das liñas de evacuación da alta tensión. Ademais esta central sería a maior de toda Galicia en xeración de enerxía xa que xerará 935 megavatios fronte aos 313 da de Ponte Bibei e 570 da que se está planificando nas Pontes.

Segundo o proxecto, que aínda non se coñece totalmente e sempre despois da súa aprobación, as obras prolongaríanse durante catro anos. O que se sabe de momento é que o ser reversible terá dous embalses de auga situados a diferentes alturas, o máis alto estará en Rego das Balsadas, en Vilacampa, afectando así a unha pequena parte de Oural. E o máis baixo estaría situado xunto a Rego no Concello do Valadouro limitando co de Alfoz.

Así mesmo, será necesario construír liñas de alta tensión para poder evacuar a enerxía producida e que probablemente iría a Xove e Cervo.



Por outra banda, o 16 de febreiro ás 19.30 horas no salón de actos da casa da cultura de Alfoz, convócase aos veciños de Alfoz a asistir a unha reunión informativa sobre a central hidroeléctrica reversible.

Os veciños poderán asistir para informarse sobre o proxecto e amo-

sar as súas opinións e inquedanzas sobre o tema e poder incorporalas ao informe que o Concello de Alfoz entregará ao Ministerio de Transición Ecolóxica para que se teñan en conta na fase actual na que se está a realizar a Evaluación de Impacto Ambiental.

## Completo o programa da XXV concentración de motos

O Moto Club informou de que a súa habitual concentración de motos, que este ano chegará á súa XXV edición terá lugar entre o 6 e o 8 de maio. O 6 comezará ás 21.00 coa apertura das inscricións que contará cunha cervexa de benvinda, seguida da pinchada que terá churrasco, tortillas, empanada, chourizo, pan e sobremesa. Acto seguido haberá un concerto a cargo de Salvajex.

O sábado 7 visitarase o mercado semanal da vila e ás 11 comezará unha pequena ruta moteira a que seguirá un xantar no polideportivo. Pola tarde os nenos poderán desfrutar de inchables gratuítos e ademais haberá unha exhibición acrobática.

Xa pola noite, os participantes po-

derán desfrutar dunha cea e doutra exhibición acrobática, todo isto amenizado pola orquestra Garibaldi. Xa ás 00.00 fase a gran queimada popular e desfrutarase do baile coa Discoteca Móvil e de novo a orquestra Garibaldi.

O domingo día 8 comezará cun almuerzo e unha ruta turística, para despois desfrutar dun xantar de despedida no polideportivo. Ademais, haberá trofeos e sorteos de agasallos para os motoclubs máis numerosos, aos pilotos máis lonxanos, o máis veterano, a bandeira máis orixinal e a Miss ou Mister concentración.

Para poder participar haberá que inscribirse por un prezo de 35 euros para todas as xornadas ou de 25 para media. As inscricións antes do 2 de maio terán un prezo de 30 euros.

Estas inclúen camiseta, pin, mochila, pegatina, cervexa de benvinda, pinchada do venres, xantar e cea do sábado, queimada, almuerzo do domingo, pinchos en ruta, xantar do domingo, pavillón gratuito con duchas e os sorteos.

## O Concello fará cumprir aos veciños o Plan de prevención contra os incendios

Aprobado definitivamente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, e feito o listado daquelas parcelas que presentan incumprimentos de eliminación de todo tipo de vexetación accesoria de especies non permitidas na faixa da rede secundaria da xestión da biomasa, o Concello iniciou as actuacións para o cumprimento do mesmo.

Seaga realizou as inspeccións das parcelas, resultando un total de 877 en investigación segundo o Catastro que serán obxecto de publicación no DOG e no BOE co obxecto de identificar aos seus propietarios e que procedan á da xestión da biomasa vexetal e da retirada de especies arbóreas das citadas parcelas no prazo de 15 días naturais. Por outra banda, os propietarios identificados serán notificados.

Todos os propietarios de parcelas afectadas que executen de xeito voluntario a xestión das mesmas deberán comunicalo ao Concello.







## Rematas as melloras na sala multideportiva

O Concello de Xove vén de rematar as obras de mellora na sala multideportiva anexa ao ximnasio. Estas tarefas consistiron na climatización e aireación da mesma cunha dobre instalación de aire climatizado por un lado e filtrado por outro.

Dende marzo de 2020, debido á covid, a sala estivo practicamente sen utilizar e para solucionar este problema, dende o Concello pensouse que o mellor era climatizala. A instalación realizada ten unha ca-

pacidade de aportación de aire de 800 metros cúbicos hora, pensado para unha ocupación de 25 persoas facendo deporte ao mesmo tempo.

O orzamento total foi de 10.258,80 euros, financiados integramente polo Concello.

Nesta sala multideportiva realízanse ao longo de todo o ano adestramentos dalgúns deportes como fitness, aeróbic, ximnasia de mantemento ou karate.

## O Concello confirma que este ano haberá desfile de Entroido

O Concello confirma que haberá desfile de Entroido este ano e como en anos anteriores, o día escollido vai ser o sábado de Entroido, que este ano cae o 26 de febreiro.

Dende a Concellería de Cultura comunicaron que xa sacaron as Bases do Gran Desfile polas rúas de Xove, e que este ano contan con 4.910 euros en premios, que se desglosan do seguinte xeito.

Haberá oito categorías repartidas en carrozas, comparsas de 10 persoas, comparsas adultos e infantís de 3 a 9 persoas, parellas adultos e parellas infantís, individual adulto e infantil.

Os premios para as carrozas serán de 500 euros para o primeiro, 350 o segundo, 250 para o terceiro e cuarto, e 200 euros para o quinto e sexto posto. Para as comparsas e grupos de dez persoas ou máis os premios serán de 300 euros o primeiro, 250 o segundo, 200 euros para o terceiro e cuarto, e 150 para quinto e sexto.



Para os grupos de adultos e os de infantil de 3 a 9 persoas serán de 130 o primeiro, 100 o segundo, 70 para o terceiro e cuarto, e 60 euros para o quinto e sexto.

Para parellas de adultos e infantís os premios serán de 70 euros para o primeiro, 60 o segundo, e 50 euros para terceiro e cuarto. Para a categoría de individuais adultos e infantís serán de 60 euros o primeiro,

50 o segundo, e 40 para terceiro e cuarto.

Ademais haberá un premio para o disfraz máis orixinal, pode ser tanto individual como colectivo, un premio ao participante máis maior e outro premio ao conxunto máis numeroso. Todos eles levarán un premio de 30 euros cada un. Así mesmo, o participante máis novo recibirá un agasallo valorado en 30 euros.

## Organizan o 21 unha xornada informativa sobre o autismo

O salón de actos do Concello de Xove acolle o luns 21 de febreiro unha xornada informativa sobre o trastorno do autismo. Será a partir das 16.00 horas e está destinado a familias de persoas con TEA.

Esta xornada está a cargo Cristina Couto Pena, psicóloga e Celia González Caamiña educadora social, ambas da Federación Autismo Galicia. Entre os obxectivos que se persiguen nesta reunión será o de difundir información para sensibilizar e derribar mitos, xerar conciencia para que a comunidade poida dar apoio e brindar espazos de participación. Así como dar apoio ás familias a través de ferramentas de axuda nas necesi-

dades cotiás das persoas con TEA. Para participar será necesario anotarse escribindo un correo a [mfcorras@edu.xunta.gal](mailto:mfcorras@edu.xunta.gal), ou no departamento de Orientación do Ceip Plurilingüe Pedro Caselles Rollán.

A xornada repartirase en dous bloques, no primeiro e baixo o título *Contamos contigo*, abordarase o trastorno, falarase da súa detección, comprensión, e tamén dos mitos e das barreiras. Haberá un apartado para falar da accesibilidade cognitiva e participación na sociedade.

Xa no dous, *Camiñando en familia*, será a quenda de tratar o apoio no fogar, a importancia do autocoidado e os recursos asistenciais e axudas.

## Xa se pode solicitar o cobro do plan de emprego municipal

Abriuse o prazo para solicitar o cobro do plan de emprego municipal, poderase facelo ata o 15 de marzo e será o correspondente a 2021 e de 2020 se é o caso.

Para a solicitude haberá que seguir diferentes pasos dependendo de se é contratación ou autoemprego. En ambos casos haberá que descargar os anexos corres-

pondentes na web, ler, cubrir e asinar.

Así mesmo, teranse que presentar as instancias cubertas, e a documentación necesaria como as tranferencias bancarias das nóminas, o modelo da Seguridade Social dos meses nos que se solicita o cobro, un certificado acreditativo de estar ao corrente

no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización á súa consulta e tamén unha certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma. Despois pódese facer unha presentación telemática dende a mesma web ou presencial no Concello.

## Entregados todos os premios do sorteo de Nadal de Aciam

Aciam Xove informa de que xa foron entregados todos os premios do sorteo de Nadal de Aciam Xove, do que faltaban tres números por aparecer dende o sorteo inicial.

Así, os números agasallados e as empresas que os entregaron foron o 16105 a Pescadería Barreira un vale de 500 euros; o 22109 Centro Óptico Xove e o 09198 na Cafetería A Roda foron de 250 euros; e o resto dos números premiados foron de 100

euros 28414 na Librería Estanco Basanta, 13981 no Bar Cociña, 10702 no Restaurante Os Faroles, 17922 no Bar A Cancela e o 25239 no Supermercado Coviran Xove.

Debido á actual situación sanitaria vironse obrigados a cancelar o sorteo de Nadal de forma presencial para evitar calquer tipo de risco posible con respecto a covid e fíxose mediante gravación e publicación nas redes sociais.

**Porque una buena web empieza... por lo que no se ve**

**PARALELO43**

**Si te planteas tener una web, cambiar la que tienes, mejorarla... llámanos 607 963 291 porque un buen funcionamiento empieza por dentro**



## EN BREVE

**MAZO DE FERREIRAVELLA.** O Concello mantén aberta a oferta de explotación do Mazo de Ferreiravella, un complexo rural que conta con edificio para restaurante, con explanada de 800 metros de aparcadoiro e conxunto etnográfico adxunto. Ademais é un dos puntos do roteiro dos ferreiros. As persoas interesadas na súa explotación poden poñerse en contacto co Concello que estudará o seu proxecto de viabilidade e de futuro. Dependendo das ofertas presentadas farase unha licitación pública do mesmo pero en principio estudaríanse as ofertas de forma individualizada.

**INSPECCIÓN DE SULFATADORAS.**

A unidade móbil da inspección técnica de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios (ITEAF) estará o día 4 de marzo no Concello de Riotorto, para atender a todos os veciños do termo municipal. A unidade, a cargo da empresa Nagar, estará situada na explanada do lugar da Groba. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 647 688 261.

## O PSOE, en contra da compra dunha parcela para a planta de residuos

O voceiro Socialista, José García avanzou o voto en contra do Partido Socialista para a compra da parcela por parte do Concello de Riotorto co fin de cedela gratuitamente a Sogama, co para ubicar en Vilaseca a nova planta de residuos. “O PP quere instalar unha planta en Riotorto sen diálogo, nin consenso e contando só co criterio político do alcalde”. “Vamos a celebrar un pleno no que o alcalde quere aprobar a compra desta parcela ubicada preto da Cruz da Cancela, no lugar de Vilaseca, e propón gastar fondos municipais destinados a obras para esta transacción por un importe de 36.000 euros, iso si, con fondos de tódalas veciñas e veciños. Xa que da partida que existía no Concello para obras e que estaba dotada con 80.000 euros, agora con esta compra vese reducida aos 44.000 euros”, insistiu. “Os viais municipais das parroquias de Riotorto precisan de arranxos e melloras como vimos denunciando

do sistematicamente nos últimos anos, e tamén hai que realizar obras de saneamento no rural. Polo tanto non podemos permitir malgastar os recursos económicos do concello en obras alleas á vila”, espetou.

Ademais hai que lembrar que o PP sigue sen dar explicacións sobre cales son os motivos da súa insistencia en instalar unha planta de tratamento de residuos en Riotorto “a pesar da oposición veciñal e institucional a esta iniciativa”. Por iso criticou “a falla de diálogo e de consenso da Consellería con concellos afectados, e o máis importante, sen escoitar ao conxunto da veciñanza e dos alcaldes, para que entre todos falen para buscar o mellor emprazamento”.

José García tamén explicou que se dirixiu o día 13 de xaneiro, ás oficinas municipais do Concello de Riotorto para seguir realizando o seu traballo de concelleiro. “Estaba falando cun funcionario nunha oficina municipal



Protesta dos veciños contra a primeira ubicación da planta de residuos

interesándome pola tramitación de expedientes que tiña solicitados por rexistro, como fago habitualmente. Nese intre o alcalde entrou nesa estancia e díxolle ao funcionario, sempre segundo a miña versión: que aquí non realizaban escritos para o oposición. Esta é a faciana do alcalde do PP de Riotorto, caciquismo, prepotencia e chularía, cando foi o propio secretario do Concello quen lle ordenou ao funcionario realizar ese escrito. Así trata o alcalde aos empregados públicos municipais. Eu ordeno, eu mando”, criticou.

**EXPEDIENTES.** O voceiro Socialista acudiu ás dependencias municipi-

pais para interesarse pola tramitación de expedientes solicitados no rexistro. “Concretamente unha solicitude con data de rexistro do 21 de setembro sobre o expediente de Sogama, outros dous escritos do 19 de agosto, relacionados coa adquisición de terreos para a residencia da 3ª idade e o saneamento de Múndin e Horto Vello, e por último un escrito do mes de maio sobre facturas relacionadas con bombas de abastecemento na Muxeira e Aldurfe”. “Esta é a democracia do PP de Riotorto, ocultar información aos concelleiros da oposición dende fai meses, e utilizar o concello con tintes caciquís”, espetou.

## ourol

### Volve o festival Aturuxo de Bravos



A Asociación Cultural Aturuxeiros de Bravos comunicou oficialmente que para o vindeiro ano 2022 haberá festival Aturuxo e celebrarase o 29 e 30 de xullo.

O festival ourolés chegaba este ano a súa novena edición xa que o ano pasado tivo que suspenderse por mor da pandemia.

O obxectivo do Festival Aturuxo de Oroul é poñer en valor a cultura galega pois cada edición desta cita reúne a grupos e artistas de referencia no panorama musical tradicional.

Este festival ten unha acampada gratuita e buses dende a estación de autobuses de Viveiro ata Bravos. Ademais é un festival accesible para persoas xordas, xa que hai intérprete de lingua de signos.

## A Deputación aproba a poxa das últimas parcelas industriais



A Xunta de Goberno aprobou o procedemento para o alleamento de dúas novas parcelas situadas no polígono industrial do Pousadoiro (Oroul), que, extinguida Suplusa, xestiona directamente a Deputación de Lugo. A venda das parcelas farase a través dun procedemento de concorrencia pública mediante a celebración dunha poxa. Con este alleamento serán 95 os terreos vendidos pola institución provincial nos

polígonos que xestiona en Castroverde, Chantada Friol, Paradel, Oroul, Begonte e Baleira. As parcelas que saíran á venda no Pousadoiro son de 500 e 14.000 metros cadrados respectivamente e son as últimas dispoñibles das xestionadas pola Deputación en Oroul. A institución provincial ten a día de hoxe 105 parcelas industriais dispoñibles nos 7 polígonos que xestiona na provincia.

## Riotorto celebrará este ano a I Baixada de Carrilanas en xullo



Presentouse a primeira baixada de carrilanas de Riotorto un evento que consiste na proba e baixada polas estradas riotortensas de vehículos de inercia e que terá lugar o domingo 30 de xullo de 2022.

A actividade está organizada pola Asociación de Carrilanas os Meiregos, un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios.

Esta proba convértese na primeira confirmada para este ano 2022 á espera de que Abadín e Meira tamén confirmen as datas de celebración das súas, e que previsiblemente sexan arredor desas datas para favorecer o turismo.

A provincia de Lugo xa conta con varias probas en diferentes concellos, como no de Meira, que chega a terceira proba, Abadín, que acollerá a XIX edición do seu famoso descenso, e A Pontenova, Alfoz e Ribeira de Piquín que serían as segundas edicións.



## Primeiros pasos para completar o saneamento na parroquia de Rúa

O Concello de Cervo comeza a dar os pasos para achegar o saneamento a toda a parroquia de Rúa. O alcalde, Alfonso Villares, e a concelleira de Medio Ambiente, Mali Méndez, achegáronse ata a antiga escola de Rúa para manter unha reunión cos veciños da zona de Ruela, onde se fará a primeira das actuacións previstas para achegar o saneamento a toda a parroquia.

Ao encontro tamén acudiron dous técnicos topográficos, co obxectivo de resolver as dúbidas dos veciños e veciñas, ademais de consensuar con eles diferentes aspectos das actuacións que se pretenden levar a cabo.

A execución deste conxunto de actuacións permitirá achegar o saneamento a toda a parroquia de Rúa, dotando así aos veciños desta zona rural dunha infraestrutura esencial para o seu día a



Presentación das obras de saneamento na zona de Ruela

día. Villares apuntou que se trata “dunha actuación importante para a veciñanza da parroquia de Rúa, xa que este tipo de obras son moi necesarias para seguir a mellorar a calidade de vida dos cervenses”.

O rexedor sinalou que “con esta actuación, que comezará en

Ruela, e que se estenderá aos núcleos restantes, melloramos as infraestruturas básicas dunha zona rural do noso municipio como é Rúa,”. Quixo engadir o alcalde que “desde o noso equipo de goberno traballamos decididamente para que as inversións cheguen a cada recuncho do noso municipio”.

## O Concello ofrécese a instalar antenas para que os gandeiros podan usar Rumi



Alfonso Villares, alcalde de Cervo, mantivo unha reunión cos gandeiros do municipio, co obxectivo de abordar a instalación dunhas antenas que permitan darlle cobertura á aplicación Rumi, un sistema de monitorización por GPS para gando vacún.

Á reunión acudiu un dos fundadores da empresa tecnolóxica creadora de Rumi, onde lles explicou aos presentes o funcionamento da aplicación e as melloras que se derivarían da súa implantación. A aplicación funciona mediante uns colares, colocados nos animais, que transmiten diferentes datos ás antenas estratexicamente colocadas, que á súa vez reproducen os datos no programa. Coa recolección destes datos pode-

mos coñecer diferentes aspectos dos animais, como a súa localización actual, o seu movemento nos últimos días, a detección do celo e, incluso, notifica cando os animais se poñen de parto.

Declarou o alcalde Alfonso Villares: “coa colocación destas antenas ofrecémoslle aos nosos gandeiros e gandeiras a posibilidade de contar con RUMI, unha aplicación que pretende incrementar a calidade de vida e a rendibilidade das ganderías, mellorando o benestar animal mediante a análise de datos”.

Engadiu o rexedor que “desde o Concello de Cervo instalaremos todas aquelas antenas que se precisen para que os nosos gandeiros podan optar a este servizo”.

## Arrinca de novo o SanciTapeando, a ruta das tapas dos xoves en San Cibrao



A hostalaría de San Cibrao volve presentar a súa proposta gastronómica os xoves co SanciTapeando, en colaboración do Concello.

A esta iniciativa están adheridos cinco locais Bar O Faro, Terraza O Noso Lar, Aquelarre, Cervecería Las Titas e Mesón A Bodega, que servirán do 20 de xaneiro ao 26 de maio, unha tapa diferente, elaborada, a un prezo de 2.50 euros. Os clientes terán a posibilidade de participar nun sorteo de dous vales, de 200 euros e de 100 euros, para gastar nos locais participantes; que se celebrará cada dous meses. Para máis información e para facer un seguimento das tapas que se servirán cada semana habilitouse a conta de facebook @sancitapeando.

## Melloras no encoro de Riocobo para a práctica deportiva

O rexedor cervense, Alfonso Villares, mantivo unha reunión con Alfredo Bea e Martín Carballo, presidente e delegado da Federación Galega de Piragüismo, xunto con Manuel Gómez, representante do club local CD San Ciprián, para abordar a mellora das infraestruturas deportivas do encoro de Riocobo.

Neste encontro tratáronse diferentes fórmulas, que teñen como obxectivo dotar á localización dunhas instalacións que permitan, por un lado, facilitar os adestramentos aos deportistas que xa utilizan o embalse de xeito habitual, e por outro, ter capacidade de atracción para que novos padexeiros queiran exercitarse nel.

Na actualidade adestra en Riocobo con regularidade o Club de Piragüismo San Ciprián. O club conta coa cesión de dous habitáculos situados na parcela á beira do embalse, que utiliza como almacén

para o seu equipamento, así como vestiarios e unha pequena oficina para acometer diferentes trámites administrativos.

Nestes intres o club local xa conta con máis de 50 padexeiros e padexoiras, que se reparten nas diferentes categorías de base.

Sinala o alcalde que “a mellora de infraestruturas no encoro sería un pulo para este deporte no noso municipio e na comarca, posto que se trata dun sitio privilexiado para esta práctica deportiva que, nas condicións axeitadas, poderíase converter no epicentro do piragüismo da Mariña”.

Engadiu o rexedor que “desde o Concello queremos apoiar a un club que traballa a base e pretende consolidarse, como é o CD San Ciprián” e subliñou que “desde o goberno apostamos decididamente pola práctica deportiva, e imos traballar decididamente para mellorar as infraestruturas”.

## O artista Telmo Cao formará parte da Homo Faber Guide



Membros do equipo de Goberno, felicitando a Telmo Cao

O alcalde de Cervo, Alfonso Villares, xunto coa concelleira de Cultura, Dolores García Caramés, e o edil de Turismo, David Rodríguez, quixeron felicitar de primeira man ao emprendedor local Telmo Cao, que ven de ser seleccionado pola Michelangelo Foundation para formar parte da Homo Faber Guide, un proxecto que distingue aos mellores artesáns do mundo no referente á conservación do patrimonio cultural.

A Homo Faber Guide é un plan integrado na Michelangelo Foundation que pretende preservar e enaltecer a artesanía e potenciar as súas comunicacións a nivel internacional. Cao ten o seu taller de forxa artística e escultura de metal na antiga nave de fundición de Sargadelos, que data do século XVII. Este espazo, que foi

restaurado no ano 2017, foi cedido polo Concello de Cervo no ano 2020. A nave forma parte do Centro de Emprendemento de Sargadelos, que na actualidade conta con outros seis establecementos máis de artesanía: Serea Surfboards, Pasiños na Lúa, Cabaliño de Pao, Enigma, A Sacabeira e Marmeladas A Morena.

O rexedor, xunto cos concelleiros, quixeron achegarse ao taller do artesán e darlle os parabéns polo seu nomeamento. Declarou que “este recoñecemento anímanos a seguir apostando polos proxectos de emprendemento locais, ofrecéndonos a posibilidade de poder realizar a súa actividade a un prezo asumible, e á vez conseguimos revitalizar un enclave cun gran valor patrimonial, histórico e arquitectónico dentro do noso municipio”.



## O Concello subasta 17 fincas municipais

O Concello da Pontenova vén de facer público que subasta 17 fincas de titularidade municipal e que son masas comúns de concentracións parcelarias. A maioría das fincas, 15 fincas, atópanse en Santo Estevo e outras dúas están en Vilaboa e Vilameá, e varían na súa superficie dende os 180 metros cadrados ata case 54.000 metros.

Así mesmo tamén varía o pre-

zo inicial da poxa que vai dende os 148,26 euros por unha finca de 600 metros cadrados aos 26.158,84 euros pola de 53.930 metros cadrados.

O prazo para a presentación de ofertas rematada o vindeiro 16 de febreiro e para obter a documentación ou información haberá que dirixirse ao Concello, chamar ao teléfono 982 342 277 ou ben no perfil do contratante.

## A inauguración da tirolina será o día 12 de febreiro

O alcalde da Pontenova, Darío Campos Conde informou que a inauguración da tirolina e que estaba prevista para finais de xaneiro, queda aprazada para o día 12 de febreiro, o motivo foi debido ao confinamento de varios empregados da empresa adjudicataria, que xestiona esta instalación. Campos Conde remarcou que “abriremos esta nova iniciativa turística con tódalas garantías e por suposto, atendendo sempre


as recomendacións sanitarias”. Este complexo conta con dous grandes atractivos: visitar a única galería mineira aberta ao público de Galicia e lanzarse pola tirolina que conta con 330 metros de lonxitude.

A instalación da Pontenova recrea o trazado do antigo tranvía aéreo que, atravesando o río Turia, transportaba o mineral desde as ladeiras da mina de Conuelo ata a mina de Boulloso.

## Xulia Marqués divulga a toponimia municipal

Cal é a orixe e o posible significado dos nomes das 11 parroquias e 102 entidades de poboación do concello lugués da Pontenova? A filóloga Xulia Marqués Valea dá resposta a estas preguntas no número 7 da colección Terra Nomeada da Real Academia Galega, promovida polo Seminario de Onomástica da institución en colaboración coa Asociación Galega de Onomástica. O libro pode descargarse de balde na sección de publicacións de academia.gal.

Xulia Marqués Valea é doutora especialista en toponimia con ampla experiencia en estudos etimolóxicos, recollida de campo e didáctica da onomástica. O volume que lle dedica á Pontenova —publicado co apoio da Xunta de Galicia e o Ministerio de Ciencia e Innovación— é a súa segunda achega á colección Terra Nomeada, á que xa contribuíra coa centrada noutro municipio da comarca da Mariña Oriental, Trabada, o seu



concello natal.

Ademais de recoller todas as entidades de poboación da Pontenova tal como figurarán na vindeira edición do Nomenclátor de Galicia, a investigadora engadiu dúas entradas correspondentes a accidentes xeográficos importantes deste territorio, o río Eo e a serra do Pousadoiro, e unha terceira, Miranda, por ser o antigo topónimo que lle deu nome ao Concello (de Miranda), á xurisdición Miranda ou ás Terras de Miranda e mesmo ao río Eo, coñecido tamén como río de Miranda.

## Preparan para febreiro tres cursos para potenciar os recursos dixitais

O Concello prepara para o mes de febreiro tres cursos online sobre turismo e comercio e todos serán en horario de 19.00 a 21.00 horas. O primeiro deles será o día 9 e trataranse as ferramentas dixitais de atención ao cliente.

No segundo, o día 16 de febreiro, falarase sobre aplicacións para empresas e outros sistemas de comunicación como Whatsapp.

Xa por último o día 23 será o cur-



so sobre redes sociais, Instagram para o teu negocio.

Para participar será necesaria a previa inscrición na web [turismoa-pontenova.es](http://turismoa-pontenova.es).

Este é un programa formativo online organizado polo Concello e Turismo da Pontenova, coa finalidade de potenciar as habilidades e recursos dixitais dos que dispoñen os diferentes negocios locais no ámbito do turismo e o comercio.

## o vicedo

## A construción do aparcadoiro do Fuciño do Porco vai a bo ritmo

O Concello do Vicedo comunicou o estado no que se atopan as obras do aparcadoiro do Fuciño do Porco que está a realizar a empresa coruñesa Sergonsa Servicios SL.

O alcalde vicedense, Jesús Novo, informou de que “as obras van a bo ritmo e poderían estar rematadas en Semana Santa”.

Nun principio estimábase que habería 180 prazas, “pero co POL, plan de ordenación do litoral, haberá que baixalas a 140”, dixo Jesús Novo.

Así mesmo, a orografía do terreo obriga a levantar muros, poñer peches perimetrais e barandas, e acondicionar o acceso para o paso dos vehículos, por iso despois dos traballos de despexe da vexetación baixa como matorrais e dos eucaliptos,



moi prolíficos na zona, haberá que achandar o terreo.

Segundo o rexedor estas obras fanse baixo o nome de Aparcamiento en Alegrín, e ocupan unha superficie de 5.000 metros cadrados trala compra por parte do Concello dunhas parce-

las veciñais.

Este proxecto, que foi licitado por 295.576 euros e finalmente adjudicouse por 260.576 euros, xa que a empresa con sede na Coruña presentou unha baixa de 35.416 euros.

## O Concello mellorará a calidade do abastecemento de auga

O Concello do Vicedo quere mellorar a calidade da auga de abastecemento municipal realizando obras na ETAP e no depósito de San Román.

Estes traballos de mellora consisten no baleirado e reparación de filtro de area, automatización e instrumentación da ETAP e instalación de sistema de telecontrol en depósito.

As actuacións, que contan cun orzamento de 48.116,19 euros con ive engadido, contan cunha aportación municipal de 9.623,24



euros o que supón o 20% do total e o restante está financiado por Augas de Galicia a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento

Rexional (FEDER) no marco do eixe REACT – UE do programa operativo Feder – Galicia 2014 – 2020.



## Melloran a ETAP da Barranca cun novo sistema de monitorización

O Concello de Barreiros mellora a Etap da Barranca instalando sistemas de monitorización e control en tempo real.

As obras foron realizadas para a mellora da rede de abastecemento municipal de auga potable na Etap da Barranca por un importe de 13.588,98 euros.

A empresa que as executou foi Lincold Iberica, SL e as actuacións que se realizaron foron as de instalación do sistema de control e dosificación en contínuo, instalación do sistema de telemetría e de precloración.

A instalación destes sistemas complementan e melloran os existentes actualmente na Etap, ademais de permitir poder ver en tempo real o estado de diferentes parámetros mediante a implementación de telemetría e monitoraxe asociada.

Estas adecuacións permiten aos operarios do servizo de augas controlar en tempo real o estado de todos os depósitos. Isto, ademais da anticipación ás avarías, per-



mite un enorme aforro de combustible e beneficio ambiental, a xeración dunha gran cantidade de datos para estudos de consumos e grazas a iso poder realizar predicións.

As obras están financiadas polo Goberno galego con 10.871,18 euros e o resto financiouise con fondos propios municipais. Estas obras están financiadas no marco do eixe REACT-UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

**CALENDARIOS.** O Concello de Barreiros vén de preparar o calendario 2022 co que agasallará ao veciños do termo municipal. Este ano o calendario está confeccionado con fotografías de recunchos do municipio.

Así mesmo, lembran que os irán repartindo estes días nas diferentes casas e para os que teñan moitas ganas de velos ou non podan estar na casa poderanse pasar a recollelos polo Concello en horario de 9.30 a 14.30.

## Comeza o programa +Saúde para o benestar da veciñanza



O Concello iniciou, coincidindo co Día da Educación, as actividades enmarcadas no programa +Saúde Barreiros. A nutricionista Saray Río impartiu unha xornada de formación para o persoal municipal que participa nos comedores da Escola Municipal Infantil e do Ceip San Cosme, que desde este curso pasou a ser de xestión municipal.

Tras esta formación inicial, e con base na mesma, elaboraranse novos menús para ambos comedores municipais e ofertarase formación a alumnado, pais e nais.

Os menús que implantará Saray Río nos comedores fomentarán pratos

saudables e atractivos, reducindo na dieta de nenas e nenos produtos ultraprocesados e azucres simples, tanto visibles coma ocultos. Xunto cos menús de mediodía que se servirán nos centros, achegaráselles ás familias unha proposta de ceas igualmente saudables para contribuír ao equilibrio da alimentación. "Coa posta en marcha deste programa, pretendemos promocionar e fomentar hábitos máis saudables na poboación en xeral e, especialmente, entre as nenas e nenos, pensando no futuro e contribuíndo a crear unha sociedade máis sa", explica a alcaldesa, Ana Ermida.



Entrega dos premios no salón de actos do Concello

## O Concello entregou os premios do II Concurso de Contos

O Concello de Vegadeo acolleu a entrega de premios do II Concurso de Contos do Concello de Vegadeo.

O acto tivo lugar no salón de actos do Concello coa presenza do director de Política Lingüística da Consellería de Cultura do Principado de Asturias, Antón García, o alcalde de Vegadeo, César Álvarez, e a concelleira de Cultura, Arancha González.

*Nun chore madre que eu vou tar ben*, é o título do relato de Carmen Siñeriz, gañadora na catego-

ría de adultos. Por outra banda, os traballos dos alumnos de ESO e Primatia tamén foron agasallados, en concreto *El raposo y a reina ruía*, *A chuvia morada* e *Un monstruo nel armario*, dos alumnos de primeiro e terceiro de Primaria. Tamén houbo unha mención especial do xurado para Sebastián Rodríguez, polo seu conto *Un esquilo engalador*.

Xa na categoría escolar de cuarto a sexto de Primaria, a cativa Nerea Gayol levou o premio polo su conto, *A infancia de Claudia*.

## Os mércores volve a Cinemateca Ambulante ao auditorio Félix Menéndez

Os mércores de febreiro de marzo ás 20.00 horas volve un novo ciclo de Laboral Cinemateca Ambulante no auditorio Félix Menéndez de Vegadeo que levará algúns dos mellores títulos do cine contemporáneo aos concellos de medio e pequeno tamaño.

En total poderanse ver dúas películas ao mes e dará comezo o día 9 de febreiro co film *Jinetes de la justicia*, e seguirá o mércores 16 con *Adiós, idiotas*.

Xa en marzo, as proxeccións comezarán o día 9 con *Mines de Figareo, memoria d'una llucha*, e seguirá o día 23 con *La vida era eso*.



A programación cinematográfica ofrecida por Laboral Cinemateca esta coordinada polo Festival Internacional de Cinema de Xixón.

## A escola Piyabán vegadense organiza dúas xornadas destinadas a familias e nenos pequenos

O Concello de Vegadeo organiza dúas xornadas destinadas ás familias e aos conflitos xerados nelas polas novas situacións que se están a vivir. O taller, Escuela de familias, está a cargo da psicóloga Laura López Iglesias, que ofrecerá dúas charlas, a primeira delas o luns 7 de febreiro, e a segunda o luns 14 de febreiro. Ambas terán unha duración dunha hora e media, comezando ás 16.30 e rematando ás 18.00 horas.

Esta actividade está orientada a familias con fillos de 0 a 3 anos e para anotarse será necesario inscribirse antes do 3 de febreiro na escola Piyabán ou chamando ao teléfono 697 163 640.



**CURSO 2021/2022**  
Reserva tu plaza

Rúa Eduardo Pondal 13 - Bajo, Foz  
Rúa Fernández del Riego 7 - Bajo, Lourenzá

...where English is fun! [www.docklandsacademy.es](http://www.docklandsacademy.es)

☎ 982 103 377

☎ 605 738 247



## Instalarán na vila tres puntos de recarga de vehículos eléctricos

A vila de Trabada contará proximamente con tres puntos de recarga de vehículos eléctricos no municipio, grazas á obtención dunhas novas axudas convocadas pola Xunta de Galicia con fondos do Goberno.

A alcaldesa de Trabada, Mayra García Bermúdez, decidiu solicitar esta subvención “xa que é moi necesario no rural avanzar no relativo á mobilidade eléctrica, e para elo é preciso dotar o municipio de puntos de recarga de vehículos eléctricos, máis se cabe tendo en conta que en Trabada non hai ningunha gasolinera”.

Os puntos de recarga estarán emplazados nas inmediacións da área de autocaravanas de Ría de Abres, nas inmediacións do Centro Etnográfico Xosé Rocha e no almacén municipal, situado no edificio do

Centro de Saúde e da Casa da Cultura. Esta convocatoria de axudas era tamén en concorrencia competitiva. Neste caso, o prazo de solicitude abríase un luns ás 09.00 horas da mañá a través da aplicación do Inega e foi de novo a alcaldesa de Trabada a encargada de tramitala persoalmente.

A concesión destas axudas está supeitada ao financiamento por parte do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do plan MOVES III.

O Concello de Trabada presentou en concreto tres solicitudes, cun orzamento de 12.713,83 euros, o que supón un investimento de 38.141,49 euros, dos cales a Xunta de Galicia financia cos fondos que lle transfire o Goberno 30.513,18 euros e o concello asume con cargo aos fondos propios 7.628,31 euros.

## Rematadas en Trabada as obras de renovación da cámara agraria

O Concello rematou as obras de renovación da fachada da cámara agraria. Os traballos permitiron protexer a edificación, evitando o seu deterioro. Deste modo, mellórase a calidade da paisaxe rural, corrixindo os impactos paisaxísticos que ocasionaba o estado anterior do edificio.

Por outra parte, dase cumprimento ao artigo 39 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, no que se sinala que os materiais e cores das edificacións deben ser acordes coa paisaxe rural e as construcións da contorna.

Os traballos, impulsados polo goberno local de Trabada, implicaron a limpeza e reparación das zonas con humidade e mofo. Tamén se pintaron as catro fachadas mediante pintura plástica lisa coa combinación de cores incluídas no catálogo de ‘A Mariña e o baixo Eo’.

Deste xeito, empregáronse as mesmas cores que na antiga escola e vivenda de Mestres, recentemente convertida en museo etnográfico.



**RÚA COTARELO.** A alcaldesa supervisou as obras de renovación integral e humanización da rúa Cotarelo, xa na súa última fase. O Concello conseguiu unha subvención da Xunta de Galicia para cofinanciar esta actuación nun dos viais máis céntricos do municipio.

O orzamento era de 121.000 euros, pero despois da licitación produxose unha baixa económica, adxudicándose por 108.295 euros. O concello aporta 40.535 euros, correspondendo o resto á Xunta, a través dunha axuda de 67.760 euros que tramitou persoalmente a alcaldesa.

A rúa Cotarelo conflúe no seu ini-

cio coa rúa do Concello, pola que transcorre o Camiño de Santiago Norte-Ruta da Costa, declarado Patrimonio da Humanidade; en frente está situado o Concello e un espazo público que conta cunha praza, un parque infantil e a Igrexa, polo que tamén mellorará a imaxe de Trabada de cara a turistas e peregrinos.

Antes dos traballos atopábase cun pavimento moi deteriorado, executado con seccións varias e con dobre sentido de circulación, onde só había un tramo de beirarrúa nos primeiros metros, na marxe dereita, que tamén se atopaba en mal estado.

A renovación consistiu nunha rúa ao mesmo nivel, con beirarrúas a ambos márxenes, un carril de aparcadoiro pola marxe esquerda e un carril de circulación de dirección única. Con estas obras dotouse á rúa de novas redes de saneamento e abastecemento de auga; alumeadado público; canalización de baixa tensión e telefonía; pavimentación da calzada e das beirarrúas, e sinalización vial.

### lourenzá

### O 6 de marzo volve o Domingo de Piñata



O domingo 6 de marzo os veciños de Lourenzá festaxarán o tradicional Domingo de Piñata de Entroido despois de que o ano pasado tan so se puidera celebrar de modo online.

A programación e as bases do desfile daranse a conocer nas próximas semanas xa que aínda están a traballar para garantir todo o cumprimento dos protocolos Covid e para que o evento transcurra do xeito mais seguro posible.

Tradicionalmente hai un desfile pola tarde polas rúas do Concello ata chegar ao a praza do Conde Santo, lugar onde se realizará a entrega de premios. Para participar será necesario anotarse escribindo a acial.lourenza@gmail.com, ou o mesmo día no recinto feiral.

## O Concello anuncia obras de mellora de camiños e un novo local multiusos

O Goberno local de Lourenzá informa que xa están adxudicadas e que se van iniciar diversas obras en todo o municipio e son obras financiadas con cargo ao remanente de tesourería do Concello.

A primeira delas será a de rexeneración de camiños municipais ao que se destiñan 280.000 euros e consistirán en actuacións ubicadas en todas as parroquias do Concello, en función das necesidades reais existentes para poder seguir mellorando a calidade das infraestruturas locais.

A actuación proxectada consiste na pavimentación de 37 viais do municipio que presentan un mal estado de conservación debido a súa antiguidade, ó seu uso e as inclemencias meteorolóxicas polo que urxe proceder a súa rehabilitación.

Estas actuacións realizaranse nun total de 11,25 km repartidos polas distintas parroquias do Concello.

O pavimento actual na maioría delas presenta rego asfáltico deteriorado e as actuacións previstas consisten na limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas de escorrentía e na aplicación dun dobre tratamen-



Recinto feiral de Lourenzá

to superficial con rego asfáltico. Outros camiños atópanse actualmente en zorra e proxéctase un novo firme compactado de grava con aplicación posterior dun tripe tratamento de rego asfáltico.

A segunda gran obra que se executará nos vindeiros meses é a de crear un local multiusos nun tercio da nave do recinto feiral e que dará comezo o 11 de febreiro.

A nave existente ten unha superficie de 1.928 metros cadrados dos cales se realizará unha intervención nun tercio da mesma, quedando así a nave dividida en dúas partes. A par-

te sobre a que se realiza a actuación ten unha superficie de 635 metros cadrados construídos.

“As obras constan da división interior da nave actual en dúas naves para adecuar o espazo a climatizar”, di a rexedora, “mellorar a envolvente térmica das fachadas e a substitución das carpinterías existentes, acondicionar o pavimento do chan cun pavimento laminado con acabado similar á tarima flotante, facer a instalación eléctrica e a instalación dun sistema de climatización da nave e dun sistema de sonido no local multiusos resultante”.

### O Goberno municipal amplía ata 2025 a xestión do CAM coa Deputación Provincial

O pleno de Trabada aprobou unha emenda ao convenio que ten coa Deputación de Lugo para a xestión do Centro de Atención aos Maiores, ampliando a súa vixencia ata outubro de 2025. Desta forma, o concello obtén a garantía de que continuará a xestión do centro nas mesmas condicións que as actuais, dando servizo a día de hoxe a 30 persoas usuarias.

“Para o noso concello é moi importante manter este modelo de xestión do centro, a través do cal se atende a calquera veciño con independencia da súa capacidade económica”, asegura a alcaldesa, Mayra García Bermúdez, que pon tamén en valor unha vez máis “a labor de todos os profesionais que traballan coidando dos nosos maiores”.

García Bermúdez lembra que “a xestión da residencia de Trabada está centrada nas persoas, un modelo no que se pretende que os maiores manteñan o vínculo co seu medio, familiares, amigos e veciños, por iso teñen preferencia no acceso os veciños e veciñas de Trabada; en definitiva, un modelo para que os maiores atopen neste centro o seu fogar”.



# “Para atender á xente precisamos servizos públicos de calidade”

Mayra García Bermúdez é a alcaldesa socialista do Concello de Trabada

## Pode facernos un balance do ano que termina para o Concello?

Foi un ano moi intenso, a pesar da situación anómala que todas e todos vivimos coa pandemia.

Por unha banda, sacamos adiante o Plan Básico Municipal coa colaboración da Dirección Xeral de Urbanismo que ordena o territorio e que é unha ferramenta fundamental para o presente e o futuro do municipio. Por outra banda, coa colaboración da Deputación, aprobamos a Relación de Postos de Traxo que ordena o persoal do Concello e define as funcións dos postos e adapta os salarios dos empregados ás mesmas, polo tanto corrixe e mellora as súas retribucións. En Trabada ata día de hoxe non contábamos con ningún destes instrumentos que dan seguridade á veciñanza e aos empregados municipais.

Tamén levamos a cabo dous procesos de selección de persoal fixo da Administración, o que intensificou o traballo do Secretario do Concello e producíronse novas incorporacións no cadro de persoal estrutural do Concello e a día de hoxe formamos un equipo de traballo de xente nova, con actitude positiva e propositiva, con vocación de servizo público. E ao mesmo tempo, fomos quen con traballo, esforzo e dedicación de conseguir importantes achegas económicas para o Concello que redundan en beneficio da veciñanza e tamén dos nosos visitantes.

## Cales serían as principais actuacións que se levaron a cabo?

As principais actuacións que levamos a cabo foron investimentos, dende que cheguei ao goberno municipal prioricei sempre a inversión fronte ao gasto corrente. Hai que recordar que nada máis chegar tivemos que aprobar un Plan Económico Financeiro debido á situación de inestabilidade económica na que nos deixou inmersos o Partido Popular.

Conseguimos sanear as contas e mellorar as infraestruturas e os inmobles municipais. Durante o ano pasado puxemos en marcha novas dotacións como a pista pádel, o albergue de peregrinos, unha área de autocaravanas, un museo que alberga unha colección etnográfica cedida por un veciño, José Rocha e que é un dos nosos maiores reclamos que podemos ter.

No que respecta a infraestruturas levamos a cabo a reconstrución da ponte de Paxarín, a pavimentación de Vilapercide á Cabana, o acceso á Portela, o acceso da Veiga e esta-

mos rematando a execución integral na Rúa Cotarelo no casco urbano de Trabada. Tamén renovamos tres parques infantís, dous en Trabada e un na Ría de Abres. En canto a inmobles, rehabilitamos de forma integral a escola de Vilapercide e a cuberta da antiga escola de Sante. Renovamos as fachadas da Cámara Agraria e do pavillón deportivo de Sante. E renovamos redes de abastecemento en diferentes núcleos de poboación. Ao mesmo tempo, seguimos apostando polo emprego a través dos diferentes plans da Deputación e da Xunta de Galicia porque nos parece fundamental, e máis se cabe neste momento no que tantas persoas quedaron sen os seus postos de traballo.

## “Dende o Concello temos a intención de retomar este ano todas as actividades, polo que teremos festa da Enfariñada”

### Que quedaría por facer de cara ao futuro?

Quedan proxectos que temos iniciados e que son de vital importancia para descentralizar os servizos, algo no que sempre puxemos moito énfase porque para nós é importante que os veciños das parroquias dispoñan de servizos e dotacións. Por exemplo, a construción duns vestuarios no pavillón municipal de Sante, un centro social na Ría de Abres ou a construción dun audito-

rio en Trabada. A construción dos vestuarios fareina con cargo a fondos da Deputación, para o centro social solicitei unha axuda á Xunta a través do programa LEADER que nos foi denegada e para o auditorio soliciteille colaboración á Xunta tamén, concretamente envieille unha carta ao Presidente Feijóo solicitándolle a colaboración da mesma forma que o fixo noutros Concellos gobernados polo Partido Popular.

### Que necesidades ten o Concello a día de hoxe?

Temos a necesidade de atender a nosa xente e para elo precisamos ser capaces de prestar servizos públicos de calidade coa colaboración de todas as Administracións. Todos os servizos públicos son deficitarios. Eu centreime en poñer en marcha servizos públicos para mellorar a conciliación laboral e familiar das familias e tamén para atender aos maiores.

Duplicamos o número de traballadoras adscritas ao servizo de axuda no fogar con respecto a cando chegamos, temos unha residencia, un punto de atención á infancia, o programa de madrugadores e programas de conciliación laboral e familiar, nas parroquias acercamos actividades para previr o envellecemento e mellorar as capacidades físicas e cognitivas dos nosos maiores, puxemos en marcha un servizo de transporte gratuito aos maiores. Todos estes servizos temos que cofinancialos en boa medida con fondos propios., por iso é preciso contar cunha maior financiación.

### En que punto se atopan os proxectos do auditorio ou a aula de música?

Temos feito o anteprojecto e esta-



Mayra García, no Pazo de San Marcos

mos á espera de que o Presidente da Xunta atenda a demanda solicitada, pois entendo que os veciños e as veciñas de Trabada teñen o mesmo dereito que os veciños de Begonte e Marín cos que si colaborou a Xunta para a construción de dotacións similares.

### Agora conta cunha área de autocaravanas e contará tamén con tres puntos de recarga de vehículos eléctricos. Que máis falta?

Pois faltan as dotacións que mencionamos antes e falta tamén un pouco máis de iniciativa privada para desenvolver proxectos produtivos, xa que a Administración non podemos suplir a falta de iniciativa privada.

### Teñen proxecto pensados para o asentamento da poboación moza, como o punto de atención á infancia?

Si, sempre defendín a necesidade de servizos públicos que permitan a conciliación laboral e familiar. De feito é a única forma para asentamento da poboación. No Punto de atención á infancia atendimos dez nenos no curso 2020-2021 e nove neste curso o que é unha boa mostra da necesidade do servizo. Con elo contribuímos a aumentar a matrícula do Colexio, xa que hai nenos doutros Concellos que os pais e nais traballan en Trabada e que despois de estar no PAI escolarizaron os seus fillos aquí tamén. Por outra banda, este ano puxemos en marcha o programa de madrugadores de 8 a 10 e outro programa de conciliación polas tardes de 16.00 a 19.00 horas.

### Hai plans para o Entroido?

O Entroido organizouno sempre a Asociación Cultural O Picato, dende o Concello colaboramos cunha im-

portante achega económica para os premios, concretamente 2.775 euros e tamén poñendo a disposición o persoal do Concello e da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil que depende directamente da Alcaldía para os días previos e posteriores. Colaboramos na adecuación das entradas de aparcamentos, no desbroce dos mesmos así como na regulación do tráfico xa que é preciso cortar rúas así como na limpeza dos espazos utilizados. Anteriormente o Entroido tiña menor entidade e eran os membros da Xunta Directiva os que se encargaban de todo. Dende o Concello agardamos poder celebralo este ano.

### Como boa trabadense, sabe preparar unha Enfariñada?

Claro que sí. De feito, é o meu prato preferido.

### Este ano poderase ou teñen intención de celebrar a Festa gastronómica?

Dende o Concello temos a intención de retomar toda a actividade pois temos que acostumarnos a convivir coa covid-19, eso si cumprindo todas as medidas de prevención establecidas. Esta festa realizábase en colaboración tamén con outras dúas Asociacións: a Asociación de Mulleres Rurais Marco da Pena Verde e o Club Trabada Futsal. Dende o Concello organizamos o mercado, os obradoiros así como os concertos musicais e as asociacións eran as encargadas de preparar e servir a enfariñada e as bebidas, un traballo moi laborioso porque estar aos fogóns facendo na enfariñada non é doado, é polo que este ano queremos contar tamén con homes que cocifien este prato, no marco dunha actividade en prol da igualdade.



Unha vista da céntrica rúa Cotarelo de Trabada



## Mondoñedo acollerá a XXXI Concentración Mototurística

A localidade de Mondoñedo acollerá unha nova edición da Concentración Mototurística N-634 Cidade de Mondoñedo os días 19 e 20 de marzo, e que nesta ocasión chega á XXXI edición.

A preinscrición, por un prezo de 29 euros, está aberta ata o venres 6 de marzo. Cada inscrición será de 32 euros e inclúe camiseta, pin e imán artesán do Alfar de Mondoñedo (As formas da Terra).

A concentración iniciarase o día 19, ás 12.00 horas, coa inscrición dos participantes, os cales poderán desfrutar desde as 16.00 horas dun toro mecánico, tatto studio, animación, música e xogos. E xa ás 20.00 horas será o desfile polas rúas da vila seguido da cea na Finca San Antonio e do comezo da festas con música e verbena a cargo de Grupo 2.Com e da orquestra Principal e unha queimada.

O día 20, despois de almorzar no Rey das Tartas os participantes



desfrutarán dunha ruta turística pola Mariña, que rematará cun comida no pavillón para despedir a todos.

Cada inscrición inclúe un imán motero de recordo, un pin, unha camiseta, trípticos de Mondoñedo, un pincho de benvinda, unha caña, a cea, queimada, o desayuno, pincho de media mañá, xantar do domingo e a zona de acampada no pavillón.

## Adxudicada a segunda fase da obra do vial ata Couto de Otero

O Goberno local de Mondoñedo adxudicou á empresa Construcciones Isidro Otero S.L. a segunda fase das obras de reurbanización do treito do vial de acceso dende a LU-124 ao barrio de Couto de Otero, por importe de 46.622,93 euros (o orzamento de proxecto era de 48.037 euros) e un prazo de execución de sesenta días naturais. Constitúe o vial de comunicación máis directo do núcleo urbano de Mondoñedo coa parroquia de Lindín. As obras comezarán o luns.

O obxectivo fundamental da actuación, segundo se detalla nos documentos técnicos, "é a mellora das condicións do camiño, que na actualidade conta con terreos de titularidade municipal colonizados pola vexetación, pavimentándoo axeitadamente e dotándoo de maior ancho de rodadura, sempre dentro da aliañación que marca o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mondoñedo".

Entre as accións a levar a cabo fi-



Unha imaxe da zona onde se actuará

gura o desbroce e limpeza do terreo con retirada de terra vexetal, demolición de pasos salvacunetas existentes así como pavimento de formigón que sexa necesario retirar. Igualmente procederase á demolición e reposición de soleira de formigón e da canalización existente de pluviais. Acometeranse os traballos necesarios de reposición

e renovación da infraestruturas precisas, para rematar co pavimentado en quente, o pintado da sinalización horizontal e a recolocación dos sinais verticais.

Esta intervención comezou coa adquisición, por mutuo acordo, dunha vivenda que se atopaba en ruínas, para ampliar a vía, respectando o Plan Xeral

## O Concello repuxo elementos do Parque da Lembranza



O Concello de Mondoñedo estivo repoiñendo diferentes elementos de xogos infantís no Parque da Lembranza no que habitualmente celébrase a inauguración das xornadas Abrindo Camiño e lugar de desfrute dos pequenos da localidade especialmente cando chega o bo tempo.

O parque da Lembranza conta tamén cunha palmeira e unha placa conmemorativa que se puxeron en homenaxe á emigración nas xornadas do peregrino Abrindo Camiño de 2020.

Este parque atópase a beira do cemiterio vello onde fican algúns importantes mindoniense como Manuel Leiras Pulpeiro, Pascual Veiga e Álvaro Cunqueiro.

## “Un dos obxectivos é que os alumnos atopen recursos para a súa vida cotiá”

Xulia Nogueira é docente da escola de música mindoniense, que abriu as súas portas no ano 1997

### Quen se atopa á fronte da escola?

O director da escola chámase Xan Carballal, e contamos cun profesorado que está especializado e ten ampla experiencia docente.

### Cando comezou a súa actividade?

A Escola de música de Mondoñedo comezou a súa actividades a principios do ano 1997. E na actualidade contamos con aproximadamente uns oitenta alumnos matriculados.

### Quen era O Pallarego?

O Pallarego era Manuel Ledo Bermúdez un músico barbeiro que naceu no Barrio dos Muíños en 1899 e en 1997 o concello de Mondoñedo púxolle o seu nome á Escola de Música Municipal e hoxe tamén leva o seu nome a agrupación musical creada na súa memoria pola súa filla, Remedios Ledo Vizoso.

### Que ensinanzas ofrecen?

Impártense as especialidades de vento madeira, vento metal, corda fretada, percusión e piano. Tamén linguaxe musical, formación de adultos, música e movemento, formación básica, coro, orquestra, banda, música moderna.

### E os instrumentos con máis éxito

### entre os alumnos ou os cativos?

A verdade é que todos os instrumentos gustan moito xa que aos cativos o que lles apetece é desfrutar da música.

### Cales son os valores da escola?

A escola trata de transmitir moitos valores imprescindibles para que o individuo se forme como persoa do xeito máis equilibrado posible. Por un lado os valores de tipo persoal como son o esforzo, a superación, a disciplina, a constancia, e por outro lado os valores do grupo, como a solidariedade, a socialización, o compañeirismo, o traballo en equipo, a empatía, etc.

### E os obxectivos?

Pois que os alumnos atopen nela una fonte de recursos para a súa vida cotiá, que aprendan a recibir os valores antes indicados, que se fagan persoas sensíbeis, cultas, respectuosas, que teñan inqueданzas, que se fixen obxectivos, e que desfruten moito coa música.

### Cales son os requisitos para formar parte dela?

A nosa escola de música diríxese a rapaces de catro anos en diante, tanto



Un dos ensaios da escola de música

para os que tocan algún instrumento ou están comezando a facelo como para aqueles que non se iniciaron no mundo da música pero que teñen interese en descubri-lo.

### Fan moitos concertos ao ano?

Arredor de 10 concertos ao ano e non sempre son na Mariña. Lembro un concerto no que tivemos o gusto de actuar con Carlos Núñez.

### Fixeron algún especial?

Pois levamos varios anos celebrando un concerto de música medieval. Neses concertos asoitamos interpretar obras dende o Códice Calixti-

no, Martín Codax, Libre Vermell de Monserrat, Afonso X O Sabio entre outros hasta chegar a Juan del Encina.

### Cre que a sociedade está involucrada coa música ou coas escolas?

En xeral si, pero aínda queda moito camiño por percorrer.

### Cómo veremos a Escola de Música dentro de algúns anos?

Agardo que sigamos na liña que emprendiamos cando comezamos xa fai case 25 anos e é o de ir mellorando cada ano un pouco máis e desfrutando do que facemos.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno urxe á Xunta a resolver o déficit de prazas de residencia

A Deputación de Lugo urxe á Xunta de Galicia a resolver o déficit de 14.331 prazas en residencias públicas da terceira idade que existe na comunidade galega. Unha decisión que foi acordada no Pleno ordinario de xaneiro ao aprobarse unha moción defendida polo PSdeG, que contou cos votos a favor de socialistas e nacionalistas, e en contra do PP.

A administración provincial insta a que se creen todas estas prazas baseándose no último estudo da asociación estatal de Directoras e Xerentes de Servizos Sociais, que constata esta realidade, tomando como referencia a media de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos que recomenda a Organización Mundial da Saúde (OMS).

**COMPROMISO ÉTICO.** O Pleno da Deputación de Lugo aprobou na sesión ordinaria do mes de xaneiro unha declaración institucional de integridade e compromiso ético, dando así cumprimento a un requisito imprescindible para concorrer e executar fondos europeos de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Os grupos políticos con representación no organismo provincial

-PSdeG, BNG e PPdeG- votaron a favor, quedando aprobada por unanimidade.

Na declaración, a Deputación expresa o compromiso co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais e adhesión da institución provincial aos máis estritos principios de integridade, obxectividade e honestidade, cunha oposición á fraude e á corrupción en calquera das súas formas. Así mesmo, recalca que o obxectivo é impulsar e favorecer unha cultura que desalente toda actividade fraudulenta e que facilite a súa prevención e detección, promovendo o desenvolvemento de procedementos efectivos para a xestión dos supostos que poidan darse.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que a pandemia da covid-19 deixou de manifesto que o modelo de atención das persoas maiores que ten en marcha a Xunta “é un fracaso”. “Son grandes residencias masificadas, pensadas na procura do beneficio económico das empresas privadas e que non garante nin a digna atención dos maiores, nin as adecuadas condicións laborais dos traballadores”.

Na súa intervención, Rivera Capón explicou que a iniciativa presentada ten como xermolo a defensa dos servizos públicos. Manifestou que é necesario “desenvolver unha rede de residencias públicas na comunidade”. Así mesmo dixo que “a Xunta ten que asumir as súas obrigas e competencias en materia social financiando a Rede Pública de Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo”, e en terceiro termo matizou que é preciso que o Goberno galego “mellore o desenvolvemento do sistema de servizos sociais para garantir que os dereitos dos cidadáns se convertan nunha cobertura real das necesidades”.

Rivera Capón expuxo con datos do Consello Consultivo de Contas que en Galicia o tempo medio para obter unha praza nunha residencia pública galega é de 453 días. O deputado de Promoción Económica e Social subliñou que, mentres que a Xunta, con máis de 11.000M€, non creou nin unha soa residencia pública nos 12 anos de Goberno de Feijóo, a Deputación de Lugo, con 100M€ de presuposto, ten en marcha 7 centros públicos de maiores, máis que a propia Administración autonómica.

### Adxudicado o subministro de sal para as estradas

A Deputación aprobou na Xunta de Goberno a adxudicación do contrato para o subministro de 1.600 toneladas de sal para a rede provincial de estradas por un importe próximo aos 160.000€ á empresa Ibérica de Sales S.A. O material fundente é para os 12 silos que a institución ten por toda a provincia co fin de afrontar as inclemencias meteorolóxicas propias do inverno, garantindo a circulación e a seguridade nas vías durante as tempadas deste 2022 ao 2024.

Así o anunciou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen lembrou que, ademais de atender as estradas provinciais, a Deputación tamén facilita sal no inverno aos concellos que así o solicitan cando lles resulta necesario.

Tamén sacou adiante a licitación dos dous últimos lotes do contrato de subministro de equipamento para o Centro de Atención a Maiores de Navia de Suarna, correspondentes aos artigos médicos e cortinaxe.

## Destinan 7,2 millóns de euros ao Plan de Subvencións do 2022

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou a actualización do Plan Estratéxico de Subvencións (PES) da Deputación de Lugo para este ano 2022, que conta cunha dotación económica de 7,2M€, e que tal e como informou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, poderá incrementarse en función do crédito dispoñible.

García Porto explicou que o Plan Estratéxico de Subvencións, que é o instrumento que regula a concesión de axudas económicas da institución provincial ao conxunto do tecido asociativo da provincia, tanto de carácter nominativo como de concorrencia competitiva, “serve para manter o amplo e dinámico tecido asociativo co que contamos na provincia de Lugo e que dinamiza o territorio a nivel social e económico, e, ao mesmo

tempo, serve para contribuír ó desenvolvemento de proxectos que impulsen o emprego e os sectores produtivos, o benestar social ou a promoción do territorio e do turismo, entre outros ámbitos”.

Neste sentido, a voceira socialista do Goberno indicou que liñas de actuación como o Emprego contan cunha dotación de preto de 900.000€; promoción do Territorio e Turismo, de case 500.000€; Benestar, de 577.000€; ou Medio Ambiente, de 356.100€. Pilar García Porto sinalou que terán prioridade aquelas iniciativas que promovan a participación cidadá, potencien o patrimonio da provincia, aposten pola innovación, estimulen a formación e, entre outras condicións, axuden a fixar poboación no rural.

## Os dous candidatos do PSOE nas Primarias chegan a un acordo



Os candidatos ó proceso de primarias do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca e Xosé María Arias Fernández, pecharon un acordo de candidatura única ó congreso previsto para o vindeiro 20 de febreiro. Tomé e Arias selaron o acordo este luns na sede socialista de Lugo ante a presenza do Secretario Xeral do PSdeG, Valentín González Formoso, que avala un consenso que garante a unidade e fortalece o partido, e que responde á sensibilidade maioritaria dentro da militancia da provincia de que non houbera proceso de votación e se lograse a integración como a mellor fórmula para darlle un novo impulso ó socialismo lucense.

José Tomé Roca liderará o Partido Socialista na provincia asumindo a Secretaría Xeral. Pola súa banda, Xosé María Arias terá un posto de máxima relevancia orgánica como é

a Vicesecretaría Xeral.

O presidente da Deputación de Lugo e alcalde de Monforte e o rexedor de Castroverde, que contan cunha ampla traxectoria e experiencia tanto no plano institucional como orgánico, e que demostraron sempre un compromiso firme co partido, confluiron na importancia fundamental de contar cun partido unido e forte, tanto para ter un mellor posicionamento á hora de defender os intereses da provincia, como para poder consolidar e seguir mellorando os resultados nas eleccións municipais do ano 2023, mantendo as actuais alcaldías e acadando outras novas, e renovando o Goberno da Deputación. Así mesmo, coinciden en que un partido unido e forte na provincia axudará a conseguir un cambio de Goberno na Xunta de Galicia e tamén a manter o Goberno de España.



**CONCURSO RESERVAS DA BIOSFERA.** As instantáneas admitidas no VII Concurso de Fotografía das Reservas da Biosferas Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá organizado pola Deputación poden verse nunha exposición virtual na páxina web da institución provincial. Esta edición do certame tivo como fío condutor as redes de rutas de sendeirismo e itinerarios e o conxunto de vías e camiños tradicionais, co obxectivo dar a coñecer e poñer en valor a riqueza natural, cultural e paisaxística destas dúas Reservas da Biosfera, xestionadas pola Deputación.



# DEPORTES

## O 40 aniversario do Altruán comeza cun curso de augas bravas

O 40 aniversario do Club de Piragüismo Altruán de Ribadeo trae un calendario cheo de actividades lúdicas e formativas das que irán informando pouco a pouco. Así, o domingo 13 de febreiro e que comeza un curso de augas bravas impartido por Fredi Burcio no Río Sor. Ademais continuará coas súas excursións, aluguer de canoas e organización de rutas de kayak de mar. Para participar ou solicitar información haberá que inscribirse chamando aos teléfonos 658 796 905 ou 680 981 279. O club ribadense, creado en 1982, leva varias tempadas colleitando moitos éxitos na práctica do piragüismo.

**INSTALACIÓNS.** Concello de Ri-

badeo e a Deputación de Lugo asinarán o convenio para realizar a mellora global das instalacións que o Club de Piragüismo Altruán ten na praia dos Bloques. O proxecto inclúe vestiarios e duchas de auga quente. Grazas á Deputación pódese ir avanzando nas cuestións deportivas do Concello de Ribadeo pois fai tres que o Concello resolveu a mesma cuestión para o de remo. O presidente do Club Altruán, José Ángel Pérez, sinalou que “é importante que os deportistas se poidan cambiar, ter unhas áreas hixiénicas e unhas instalacións como eu creo que merece o piragüismo ribadense. Agradecer o compromiso para estas obras de mellora”.

## A duodécima tirada de bolos de Xove contou con 29 participantes

A duodécima tirada de bolos de Xove xogouse nunha tarde agradable e nun campo en boas condicións e sobre todo cunha excelente participación de 29 inscritos.

Na liga sénior masculina houbo victoria de Jordi Meitín o que lle permite acortar a só 9 puntos a distancia con Rafael González. O máis prexudicado na xornada foi Francisco Pérez, que sigue con problemas físicos e só puido sumar un punto nesta tirada, o que lle supuxo a perda da segunda posición a favor de Daniel Alonso. Polo tanto, neste momento Miguel López con 96 puntos e Daniel Alonso con 91, copan a clasificación desta liga, co que supón de relevo xeracional.

Non esquecemos que hai uns poucos anos Miguel e Daniel pelexaban polo dominio da liga Sub 16, e xa naqueles momentos apuntábase que estes dous xogadores ían chegar ao máis alto. Neste sentido, que decir de Miguel López que está pelexando polo seu 3º título nesta categoría; no caso de Daniel Alonso, é evidente que este ano deu un salto de calidade e está xogando con moita madurez e moita cabeza. No tocante a liga sénior feminina

Julia fíxose coa vitoria, a 8ª desta temporada, coa que se pon ás portas de renovar o seu título de campiona da liga Sub 16.

Por detrás, Belén Meitín con 38 puntos e Carmen Roca con 31 puntos, que siguen coa súa pugna particular, cunha diferenza de 7 puntos, que a falla de 5 tiradas antóxasenos curta, polo cal aínda poden pasar moitas cousas entre elas. Un pouco máis lonxe, con 25 puntos, está Conchita Piñeiro, que terá que esforzarse para estar coas anteriores pelexando pola 2ª e 3ª posición.

Pola contra a liga Sub 16 e a que está máis igualada, e Christian Rodríguez coa súa vitoria e tamén mellor bolada, recorta diferenzas con Xenxo Salgueiro, sendo un punto o que os separa. Isto supón unha emoción máxima para as 5 tiradas que quedan.

Por detrás os irmáns Cancelos, Jordi e Naia siguen tamén coa súa peculiar competición, favorable polo momento a Jordi que lle saca 3 puntos a Naia na xeral.

A próxima tirada vai celebrarse no centro social de O Cruceiro o vindeiro sábado 5 de febreiro de 2022.

## O mellor equipo do mundo

As Guerreiras Laranxas volven facerse coa copa nos Futsalplanet Awards

O Pescados Rubén Burela FS volve reforzado dos FutsalPlanet Awards no que contaba con 5 nominacións e finalmente só conseguiu dúas.

A 22ª edición dos premios do portal especializado en fútbol sala recoñeceu a labor de Julio Delgado como mellor adestrador feminino e o Burela FS como mellor equipo feminino. A entidade burelista, recoñecida xa como Mellor Club Feminino en 2020 volve repetir galardón.

As que non puideron conseguir este recoñecemento foron a capitá laranxa, Peque, na categoría de Mellor Xogadora e que quedou segunda; Emily Marcondes



que foi sexta; e Jozi Oliveira, na lista de Mellor Porteira que quedou na cuarta posición. Por outra banda, catro das Guerreiras Laranxas volveron contar coa confianza da Selección Espa-

ñola para a viaxe da Vermella a Bucha (Kiev). Así, Peque, Ale de Paz, Dany e Irene Samper recibiron o chamamento para formar parte da convocatoria de Clàudia Pons.

## Abertas as inscricións do Toxiza Gran Trail e do II Trail do Caolín ao Fuciño

Abríronse as inscricións do Toxiza Gran Trail de Mondoñedo, unha das probas de montaña máis multitudinarias que se celebrará o 2 e 3 de abril. Está organizado polo Toxiza Clube de Montaña e a Asociación As San Lucas e é unha das probas máis concurridas.

As inscricións realizaranse na plataforma de Galitimiga ata o 27 de marzo ás 23.59 horas. Con todo por motivos organizativos, existe un límite de prazas de 500 corredores, no que unha vez alcanzado pecharanse inscricións e o custo das inscricións será variable dependendo da distancia e do momento da reserva.

As catro carreiras de montaña, TGT60, TGT40, TGT24 e TGT14, son competitivas en réxime de semiautosuficiencia, polo que o corredor é responsable de levar o líquido, alimento e material necesario para realizar o percorrido elixido. A organización proporcionará avituallamentos líquidos e adoitado-líquidos durante o percorrido das catro distancias.

Para reducir o impacto ambiental, é obrigatorio que os participantes porten un vaso pregable, bidón ou similar, xa que non haberá vasos nos avituallamentos. Os participantes da TGT60 poderán entregar, á organización, unha bolsa que será transportada á base de vida.

As saídas serán escalonadas desde a praza da Catedral comezando o TGT60 ás 6.00 horas, o TGT40 ás



8.00, o TGT24 ás 10.00 e o TGT14 ás 11.00 horas.

**CAOLÍN.** O Concello do Vicedo comeza a organización para o segundo Trail do Caolín ao Fuciño do Porco que será o 22 de maio e que previsiblemente terá unha competición longa de 25 quilómetros, outra curta de 15 e unha andaina tamén de 15.000 metros.

O percorrido da proba, estará próximo aos mil metros de desnivel e partiu do porto do Vicedo para seguir polo Caolín cara ao monte en dirección a San Román, chegar ao Fuciño do Porco e volver pola costa ata o porto.

As inscricións fanse en [www.evedeportnorte.com](http://www.evedeportnorte.com), e haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, para os máis veteranos, para o club máis numeroso e tamén para o máis afastado.

## Quelle substitúe a Martínez como adestrador do Alfoz

O Club Deportivo Alfoz comunicou o cese de Suso Martínez como adestrador do equipo e que o equipo pasa a estar dirixido polo xovense José Antonio Quelle Cuadrado, Pichi. Despois de moito tempo volve poñerse á fronte do cadro de xogadores municipal.

“Queremos agradecerlle que aceptara a proposta da directiva para facerse cargo do equipo hai case 2 anos, sendo o principal culpable do retorno a Primeira e converténdose en figura clave neste rexurdimento”, din dende a directiva.

“Aproveitamos para agradecerlle aos nosos patrocinadores e asociados o apoio prestado ao longo destas tempadas”, engadiron.

Proximamente saberanse novidades do acto do 40 aniversario do club.

## O día 12 de febreiro volve a liga de billarda

Tralo aprazamento do Aberto da Pita de Mos que se ía celebrar o domingo 16 de xaneiro en Castro de Riberas de Lea, e que tivo que ser adiado por motivos alleos a LNB, a vindeira semana volve a liga regular. Así, retomarán a competición o vindeiro sábado 12 de febreiro en Mondoñedo no campo das Veigas ás 16.00 horas. O sistema de competición aberto permite que calquera que queira poida participar por iso sempre convidan á xente a coñecer e practicar un dos xogos populares que máis están pegando.



# “É un deporte moi esixente fisicamente e cun gran contacto coa natureza”

O ribadense Martín Fernández é unha das promesas galegas do surf

Falamos con Martín Fernández, un rapaz ribadense que dende moi novo dedicouse a aquilo que lle apaixonaba, o surf.

**Como comezou a súa aventura?**

Cando tiña 6 anos comecei nas escolas municipais de surf que organiza o Concello de Ribadeo durante o verán. E agora xa teño 16 así que xa levo uns cantos nas miñas costas.

**Compite individualmente o nun equipo?**

O surf é un deporte individual aínda que formo parte do grupo de adestramento Picante Surf de Tapia de Casariego e son discípulo do tapiego Pedrín Méndez Obejero, que é o adestrador da escola Picante.

**Canto tempo leva competindo?**

Levo competindo desde os 8 anos, momento no que debutei no Circuito Asturiano Júnior de Surf.

**Conta con moitos títulos?**

Martín foi campión asturiano na categoría Sub12, Campión galego na Sub14 durante dous anos consecutivos e actualmente é o Campión galego en categoría Sub16. Ademais participou en cinco Campionatos de España onde chegou a ser top 5 a nivel individual e Campión de España formando parte da Selección Galega.

Durante o 2021 foi cando fixo os seus mellores resultados desde que comezou a competir, enlazando cinco postos de finalista consecutivos e logrando quedar cuarto nas Júnior Series nacionais e debutando no Campionato Europeo onde logrou entrar no top 50.

**Que destacaría do surf?**

Que é un deporte moi esixente fisicamente e que che permite un contacto coa natureza moi intenso.

**Cales son os seus referentes?**

Hai grandes surfistas pero os meus favoritos son dous australianos, Noa Deane e Shaun Manners e o estadounidense Griffin Colapinto. Son tres surfeiros de moi alto nivel e cun surf envexable.

**Pódese practicar este deporte en Ribadeo e en toda a Mariña?**

En Ribadeo pódese practicar pero conta con poucos sitios xa que o que se precisan son unhas condicións de mar moi determinadas. Con todo na Mariña case sempre atopas un punto onde surfear sexan cales sexan as condicións de vento e mar.

**Cál é o mellor e o peor deste deporte?**

O mellor é os grandes amigos que fas e o ben que o pasas na súa compañía e o peor é o frío que se pasa durante

o inverno, polo menos aquí no norte da península.

**Algún campionato que lembre con agarimo ou que marcara un momento inesquecible?**


A miña participación o ano pasado na proba do Campionato de Europa celebrada na localidade da Torche, na Bretaña Francesa. Acudín acompañado de dous grandes amigos, Samu e Iván e conseguimos un resultado bastante bo, medíndonos cos mellores júniors europeos.

**Algunha anécdota que lle siga arrincando un sorriso?**

O baño no que realicei o meu primeiro tubo na mítica onda La Graviere, nas Landas francesas. Aquel día o mar estaba en moi boas condicións para tentar esta manobra e cando por fin o logrei sentín que superara os meus límites.

**Ribadeo conta co Panchorro e o Illa Pancha Challenge, que lle parece?**

Respecto a isto sintome moi orgulloso de vivir nun Concello onde se celebra un evento de importancia internacional no surf de olas grandes. A verdade é que é unha pasada ver esas olas e ver aos surfistas nelas. Algún día gustaríame participar no Illa Pancha Challenge, estaría moi ben.



Martín en diferentes momentos. Fotografías de Matías Rivas e José A. Niño

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
Concello: 982 55 80 01  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
Concello: 982 12 40 02  
Garda Civil: 982 12 41 94  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
Concello: 982 58 60 00  
Policía Local: 982 58 62 11  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
Concello: 982 55 77 77  
Policía Local: 615 52 10 52  
Garda Civil: 982 58 57 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
Concello: 982 14 00 27  
Policía Local: 982 13 36 40  
Garda Civil: 982 14 04 44  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
Concello: 982 12 10 06  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
Concello: 982 52 40 03  
Policía Local: 982 50 70 40  
Garda Civil: 982 52 19 05  
Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
Concello: 982 55 91 09  
Garda Civil: 982 56 10 39  
Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
Concello: 982 34 22 77  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
Concello: 982 12 86 50  
Policía Local: 982 12 86 50  
Garda Civil: 982 12 80 48  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
Concello: 982 34 62 22  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
Concello: 982 13 50 11  
Garda Civil: 982 34 22 22  
Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
Concello: 982 57 40 00  
Garda Civil: 982 57 40 30  
Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
Concello: 982 59 00 02  
Garda Civil: 982 59 01 81  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
Concello: 982 56 01 28  
Policía Local: 982 56 29 22  
Policía Nacional: 982 56 17 11  
Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
Concello: 982 59 20 01  
Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085  
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PRENSA DA MARIÑA S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfono: 661 464 323  
E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións SL  
Dep. Legal: LU 5-2019  
ISSN 2660-4493


Teléfono 661 464 323

[redaccion@amariñaxa.com](mailto:redaccion@amariñaxa.com)



## MAR

## Aulas universitarias de Madrid amosan o seu 'Amor polo mar'



Esta semana celebrouse o Día Internacional da Educación e as aulas de varias universidades de Madrid de ensino quixeron amosar o seu Amor polo mar, a última campaña de promoción de e #MerluzadeBurela xunto coa Organización de Produtores Pesqueiros Porto de Burela.

Así, conquistar os padais dos mozos é outro dos obxectivos de Amor ao Mar, a campaña de Pesca de Burela que irrompeu nas aulas universitarias cunha acción sorprendente: mensaxes escritas nas en-

cerados de máis de 250 aulas que convidaban a namorarse da mellor das pescadas: a do petisco de Burela, e de paso poder gañar unha viaxe á súa orixe: a costa lucense. "Esta clase ten visitas ao mar...", "pasa de Tinder, o amor verdadeiro é o amor polo mar...", "cando parte o... se sabes como segue entra en..." ou "cansado da capi? Escápate con 4 amigos...", estas son algunhas das frases que sorprenderon aos estudantes universitarios de Madrid nos taboleiros das súas aulas.

## O BNG esixe ao Congreso aplicar o 4% de IVE a produtos pesqueiros

A formación nacionalista rexistra novas iniciativas no Congreso para que o Goberno do Estado aplique en produtos pesqueiros o IVE do tipo superreducido de 4%, após saír á luz as recomendacións da Unión Europea de aplicar esta rebaixa. Esta medida, reclamada polo BNG, recollendo as demandas do conxunto do sector pesqueiro, contribuiría ao aumento de consumo de peixe e marisco- o que favorecería a que as consumidoras tivesen unha dieta máis equilibrada- e facilitaría un maior desenvolvemento económico de zonas altamente dependentes da pesca, como a Galiza.

"O peixe é un alimento básico e esencial nunha dieta equilibrada. Esta afirmación está apoiada por organizacións de saúde e nutrición internacionais como a OMS ou a propia FAO" lembra o deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, polo que debe promoverse e facilitarse o seu consumo. Para lograr



ese obxectivo, de facer máis accesíbel para a poboación a adquisición de produtos pesqueiros, a organización nacionalista xa rexistraba en abril de 2021 iniciativas reclamando ao Goberno do Estado a rebaixa do IVE de 10 a 4% os produtos pesqueiros "tal e como demandaban tamén as patronais e as asociacións do sector da pesca e a acuicultura".

No conxunto da Unión Europea, a meirande parte dos países teñen

xa un IVE máis baixo que no Estado español. "En Francia aplícaselles un tipo do 5,5%; en Luxemburgo do 3%; en Chipre, Hungría e Polonia do 5%; en Bélxica e Portugal do 6%; e en Alemaña aplícase, agora mesmo, un 7%, aínda que o Goberno xa anunciou que o reducirá proximamente" destaca o deputado nacionalista. Noutros países, por exemplo Irlanda ou Malta, exclúen directamente a aplicación do tipo impositivo a estes produtos.

"Todos os datos expostos deberían ser xa suficientes para xustificar a aplicación do IVE superreducido de 4% aos produtos pesqueiros e así fomentar un maior consumo entre a poboación" enfatiza Rego. Mais, a estes argumentos súmaselle a recomendación da Unión Europea de implantar este tipo de rebaixas. Na Resolución do Parlamento Europeo sobre a estratexia «da Granxa á Mesa» para un sistema alimentario xusto, saudábel e respectuoso co medio ambiente.

## Conceden axudas para dixitalizar a flota pesqueira galega

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, informou da resolución das axudas á dixitalización do sector pesqueiro con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que benefician a Galicia con 979.045 euros en 21 subvencións. "Armadores e asociacións produtoras galegas adxudícanse un tercio do total das axudas que se resolveron nesta convocatoria a nivel nacional, o que nos achega o interese do sector pesqueiro galego neste proceso de modernización e dixitalización", indicou.

A dixitalización do sector pesqueiro extractivo, acuícola, comercializador e transformador é unha das medidas estratéxicas de actuación contempladas no compoñente 3 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que está adicado á transformación ambiental e dixital do sistema agroalimentario e pesqueiro.

Este compoñente é xestionado polo Ministerio de Agricultura, que convocou as axudas correspondentes ao mesmo o pasado mes de outubro, cun orzamento de 3,8 millóns de euros en dúas liñas.

A primeira das liñas de axudas estaba dirixida á adquisición e ins-

talación, por primeira vez, de Sistemas de Seguimento Electrónico Remoto (REM) para o control de desembarque. En total, o Ministerio concedeu 17 axudas en Galicia para barcos de máis de 24 metros de eslora con base na Guarda, Burela, Ribeira, Vigo e San Cibrao. Cada armador percibirá unha axuda que oscila entre 13.000 e 15.000 euros para costear a compra e instalación deste dispositivo. O total ascende a 241.613,76 euros.

A segunda liña estaba dirixida a subvencionar proxectos de mellora de comunicacións, dixitalización do sector extractivo, acuícola, comercializador, transformador. Os potenciais beneficiarios eran as asociacións do sector extractivo, acuícola, comercializador e transformador e organizacións de produtores, sempre que puxeran os proxectos ao dispor de todos os seus asociados. Nesta liña, o Ministerio concedeu catro axudas en Galicia por un importe global de 737.429,63 euros, entre os que se atopa a Organización de Produtores Pesqueiros da provincia de Lugo, que percibe 130.549,91 euros. Nestas axudas a execución do proxecto de dixitalización pode extenderse ata 2023.

## A flota de Celeiro acadou o certificado Friend of the Sea

O Porto de Celeiro vén de conseguir que a totalidade dos palangreiros de fondo da flota de Celeiro obtiveran o certificado de pesca sostible Friend of the Sea.

Esta etiqueta, que se coloca a cada unha merluzas do pincho comercializada na lonxa de Celeiro por estes 22 barcos, significa que na súa captura se utilizan artes de pesca selectiva sen impacto relevante no fondo marino e que as capturas proveñen de stocks non sobreexplotados e legalmente xestionados,

sen bycatch de especies ameazadas e baixo criterios de responsabilidade social.

Esta distinción súmase aos premios e recoñecementos obtidos anteriormente, contribuíndo na promoción e expansión da merluza do pincho de Celeiro que é, sen lugar a dúbidas, o produto gastronómico máis representativo do noso municipio, un produto de calidade e recoñecemento internacional, do que nos sentimos profundamente orgullosos.

**CETÁCEO.** O día 2 de febreiro pola tarde apareceu sen vida un Zifio de Cuvier no Ollo do Mar de Foz. Unha embarcación de Salvamento Marítimo achegouno ao porto para a súa recollida e autopsia. O zifio de Cuvier é unha especie de cetáceo odontoceto que pode acadar 6,7 m e as femias máis de 7 m e o seu peso pode chegar aos 5.000-6.000 kg. En 2008 a UICN catalogou o estado do zifio de Cuvier na súa Lista vermella como pouco preocupante (LC). A poboación total considérase que non é inferior aos 100 000 individuos.



## O Palangre de Superficie acusa ao Goberno central de descoordinación

As organizacións de produtores do palangre de superficie (OP7 Burela, Opromar, Opnapa e Orpagu) consideran "totalmente descoordinada e gravemente deficiente" a xestión governamental española en relación ao Marrajo Dientuso desde 2020. "Ese ano empezaron os problemas administrativos que continúan coeando a día de hoxe. De feito, a falta de decisións a nivel interministerial, que xa supuxeron importantes prexuízos económicos para o sector, poderían supoñer perdas de máis de dous millóns de euros neste 2022", din dende o palangre.

"A xestión descoordinada das administracións (Pesca, Comercio e Transición Ecolóxica), que se limitan a culpárselle mutuamente da situación, podía ser comprensible o primeiro ano de aplicación dos certificados CITES (2020), pero o escenario volveu repetir en 2021 e a 2022 ameaza cun panorama aínda peor", engaden.

"A falta de toma dunhas decisións que deberían estar vixentes escúrese máis pola ausencia total de respostas ás insistentes consultas do sector respecto a a publicación das cotas CITES 2022", informaron.



# COLABORACIÓN

## Kalevala

### CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda



A historia dos diferentes pobos que compoñen este estraño e basto mundo está chea de mitoloxía, de lendas fascinantes que nos contan misións imposibles para a maioría dos mortais.

Hai unhas semanas tiven a oportunidade de tocar na Sinfónica de Galicia unha obra realmente peculiar: a "Suite Lemminkäinen", composta polo finés Jean Sibelius (1865 – 1957). Foi escrita orixinalmente entre 1893 e 1895 e está baseada na epopea nacional finlandesa do "Kalevala", un auténtico universo máxico onde conviven seres míticos e extraordinarios. O Kalevala é unha obra de poesía épica escrita no século XIX por Elias Lönnrot na cal podemos atopar unha gran cantidade de mitos sobre as divindades da mitoloxía finesa. Principalmente consiste nunha gran recompilación do folclore e mitoloxías de Carelia e Finlandia, transmitidas de forma oral ao longo de xeracións e que o propio Lönnrot recompilou durante anos de viaxes realizadas por todo o país.

Ademais de considerarse a epopea nacional de Finlandia, é á súa vez unha das obras máis importantes da literatura finesa, sendo o instrumento principal do desenvolvemento da identidade nacional. Ao mesmo tempo, intensificou o conflito lingüístico do país, o cal, en conxunto co aumento do nacionalismo, conduciu á independencia de Finlandia de Rusia en 1917.

A primeira versión do Kalevala (coñecida como "antigo Kalevala"), publicouse en 1835, en tanto que a versión máis coñecida e que se utiliza hoxe en día é de 1849 e consta de 22.795 versos, divididos en 50 historias populares. Comeza co mito da creación finés e a orixe da terra, plantas, criaturas e o ceo da man de Ilmatar, a nai de Väinämöinen. Nos poemas atopamos moitas historias de feitiços, cantos, luxuria, romances, secuestro e sedución, algo similar ao que sucede en moitas outras mitoloxías. Os protagonistas das historias frecuentemente deben lograr fazañas imposibles que, como é lóxico, non adoitan conseguir, desembocando en traxedia e humillación. O elemento fundamental de toda a obra é o "Sampo", un talismán ou obxecto máxico que provoca moitas accións e consecuencias nas histo-

rias, ou que ben intercede e interacciona cos personaxes para que estes sexan quen as inicien.

No Kalevala existen moitas similitudes con outras mitoloxías ou folclores, como por exemplo o personaxe de Kullervo, cuxa historia é similar á do Edipo grego, ou a virxe Marjatta coa cristiá Virxe María. Ao longo dos poemas van aparecendo diversos personaxes que realizan as accións, cantando as súas fazañas ou desexos. En moitos casos, estes personaxes adoitan estar a cazar ou realizando feitiços co fin de adquirir habilidades, o que lles permite continuar evolucionando.

Os personaxes principais do Kalevala son: Väinämöinen, personaxe central similar a Orfeo na mitoloxía grega; Ilmarinen, heroe similar a Dédalo na mitoloxía grega e creador da cúpula do ceo, do Sampo e de varios obxectos máxicos da obra; Lemminkäinen, fillo de Lempi, home apostado, arrogante e imprudente que se fai eco do mito

de Osiris; Ukko, deus do ceo e do trono e deidade principal do libro, correspóndese con Zeus e con Thor; Joukahainen, mozo que desafia de forma arrogante a Väinämöinen e que tras perder con el ofrécelle á súa irmá, Aino; Louhi, feitiçeira do pobo de Pohjola, rivais dos Kalevala, sendo a causante de moitos dos seus problemas; Kullervo, fillo vingativo de Kalervo, e por último, Marjatta, moza virxe de Kalevala que queda embarazada tras comer un arando vermello, unha alegoría da Virxe María e da cristianización de Finlandia.

Resumindo, todo un universo máxico repleto de personaxes míticas que, á súa vez, comparte moitos elementos comúns coa mitoloxía clásica. O mundo está cheo de fronteiras de todo tipo -culturais, económicas, sociais, etc.- pero ata os pobos aparentemente máis afastados poden compartir sentimentos e historias. Acaso non poderíamos esmerarnos en festexar a nosa humanidade?

### ELISARDO BARCALA



# PASATEMPOS

Fácil

	8		5	2	6			7
					8	2	3	
	7		3					5
8	6		7			5		
7			4					8
4								3
				4				
3			2			7	4	9
5	4		9	3		6	8	

Difícil

		8						
	5			3	2			
		6				4	5	
	4	5	6			2		
		7		5		9		3
			3	4			8	6
			8		3			
5		3	1		6		2	
2		9	4				6	

### SOLUCIÓNS

1	8	9	3	7	6	8	1	
3	1	8	2	6	5	7	4	9
6	8	7	0	1	4	3	5	2
4	2	5	6	8	1	9	7	3
7	3	9	4	5	2	1	6	8
6	6	1	7	9	3	5	2	4
2	7	6	3	4	9	8	1	5
9	5	4	1	7	8	2	3	6
1	8	3	5	2	6	4	9	7

Fácil

2	8	9	4	7	5	3	6	1
5	7	3	1	9	6	8	2	4
6	1	4	8	2	3	7	9	5
1	9	2	3	4	7	5	8	6
8	6	7	2	5	1	9	4	3
3	4	5	6	9	2	1	7	8
9	3	8	7	1	8	4	5	2
4	5	1	9	3	2	8	7	6
7	2	8	5	6	4	1	3	9

Difícil

Consulta os eventos en:  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)

AMARIÑAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@amariñaxa.com

Web: [www.ebarcala.com](http://www.ebarcala.com)  
Facebook: @ebarcal



## DE RUTA EN RUTA

# Alfoz: Ruta do río Ouro

Un pequeno percorrido polas beiras e zonas asolagadas das marxes deste treito, cunha gran riqueza floral e fáunica

O río Ouro nace na vertente oriental da Serra do Xistral, catalogada aí igual que o propio Ouro, como Lugar de Importancia Comunitaria dentro da Rede Natura 2000. Son os dous espazos protexidos cos que conta o Concello albocego.

Este é un pequeno pero interesante percorrido polas beiras e zonas asolagadas das marxes do Ouro que permitirá descubrir e desfrutar da riqueza floral e faunística que atesouran as augas e ribeiras desta xoia natural do norte lucense. Este comeza nos muíños de Damián e continúa río arriba no que se poderán ver ameneiros, freixos, salgueiros e abeleiras que dan forma as galerías fluviais nas que se agochan picapeixes, merlos rieiros ou lavandeiras na procura dalgún peixe, entre os que se poden atopar dende a común troitan ata a escasa lamprea. Se ben é o mexillón de río ou madreperla o habitante máis característico destas augas, nas que se atopa unha das escasísimas pobocacións galegas desta especie.

Outros habitantes cos que conta este pequeno ecosistema son a

vacaloura, a ra patilonga ou a pín-tega común, sen esquecermos das simpáticas lontras ou o pequeno desmán ibérico.

É un continuo percorrido pola beleza da paisaxe e a riqueza e variedade da flora e fauna que gardan as ribeiras do Río Ouro, catalogado como Lugar de Importancia Comunitaria (LIC) dentro da Rede Natura 2000.

En definitiva, un conxunto pai-

saxístico que o camiñante poderá descubrir e desfrutar ao longo dos máis de 8 quilómetros de ruta, dende Bacoí ata A Maciñeira. Atoparase con lugares con moito encanto como os xardíns da Finca Galea, as áreas de recreo do trece e a Ponte Nova ou incluso achegarse ata o Castelo de Pardo de Cela.

A ruta remata no Lugar de Maciñeira na parroquia de Lagoa.



## DATOS



1 hora



3,6 km



Dificultade  
baixa

## MÁS POTENCIA, MÁS AHORRO

### Estufas de pellet, de leña, insertables ...

Estufas novedosas, inteligentes, con deseños y colores diferentes para adaptarse al estilo de tu hogar. Modernas o con un aspecto más clásico. Estufas para que puedas disfrutar de la tranquilidad que transmite el fuego.

Mayor calor, más ecológico, sin ruidos, sin humos

¡Tu comercio de siempre ahora también online!

ESTABLECIMIENTOS  
**REY**

www.establecimientosrey.es

